

O xornal da Terra de Melide

Nº 74. Marzo 2012. Distribución gratuíta

Asetem e Concello organizan o I Salón da Voda de Melide

EMPRESA

Asetem-Cca
fai entrega dos
premios de
Nadal e dos
Namorados P6

COMARCA

Terra de Melide
perdeu 1.683
habitantes nos
últimos dez
anos P18

CULTURA

Os melidenses
ateigan as rúas
da vila no día
grande do
Entroido P20

ENTREVISTA



**Fátima
Rodríguez,
Bambi**

“As marcas que
traballamos son
a nosa mellor
publicidade” P31

Baixo o lema “Casa co-
migo... en Melide”, o
evento pretende ser un
gran escaparate no que se
amose toda a oferta da
que dispón o tecido co-
mercial e empresarial da
vila para as parellas de
noivos. Celebrarase o 22
de abril no Pazo de Con-
gresos, lugar no que se
poderá atopar o neces-
ario para organizar un ca-
samento, dende a
despedida de solteiro e o
menú do banquete ata a
decoración do fogar do
futuro matrimonio. P3



O Concello paga 508 facturas e pon as súas contas ao día




A aprobación dun recoñecemento extraoficial de cré-
dito por valor de 884.407 euros permitiu afrontar as
débedas acumuladas e saír das listas de morosos. P12

Comezan as obras de mellora para volver abrir a piscina



O concello asume a xestión das instalacións e encar-
gará ao persoal municipal que preste os servizos men-
tres non se saca a concurso unha nova concesión .P13



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENCOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- EDIFICACIONES Y CONSTRUCCIONES REALIZADAS SIN LICENCIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Máis medidas de estímulo

Os miles de millóns de euros que as administracións públicas deben a Pemes e autónomos están actuando como un verdadeiro lastre para o tecido empresarial en tempos de crise. Son moitas as empresas da comarca que viven coa auga ao pescozo namentres agardan dende hai meses ou incluso anos a recibir os cartos que se lles deben.

O ente público pasou de converterse nunha garantía de cobro a ser o meirande e máis temido moroso. Nas últimas semanas, porén, semella que corren novos ventos. A nivel local, Melide aprobou recentemente o pago de toda a débeda acumulada nos últimos anos. O obxectivo manifesto e declarado do equipo de goberno é recuperar a confianza de pequenas empresas e autónomos. Na mesma liña, e a nivel estatal, vén de anunciarse unha nova medida pola que as empresas cobrarán a través dos bancos as débedas das administracións, actuando o Estado como aval.

A conclusión que se pode tirar de tal anuncio é dobremente positiva: por unha banda, estamos ante a primeira medida de estímulo económico que emerxe na marea de recortes. Por outra, asistimos a un novo e ata agora descoñecido papel do sector bancario; o de dinamizador real da economía. Os



bancos deben ser tamén un estímulo para a empresa e non o obstáculo que son hoxe en día. É totalmente criticable o xeito que teñen de facer negocio mentres continúa pechada a billa do crédito. O sector está captando millóns de euros do Banco Central Europeo (BCE) a intereses moi baixos, uns cartos que emprega en mercar débeda soberana dos estados con intereses máis altos. O beneficio é substancial pero nin un só céntimo desa inxección masiva de euros procedentes do BCE repercute no tecido empresarial. E debería.

Neste contexto, acaba de saír adiante unha reforma laboral que, cuestionable dende o punto de vista dos dereitos do traballador, si pode supoñer unha importante oportunidade para a empresa. Debe

ser, non obstante, empregada tamén como un estímulo e non como o xeito máis doado de incrementar a competitividade a base de baixar salarios e producir o mesmo con menos traballadores.

A reforma laboral pode ser unha arma de dobre fío. Tendo en conta que a práctica totalidade das empresas da comarca teñen como base fundamental de ingresos a demanda interna, salarios máis baixos e menos traballo conducirían a unha baixada do consumo. Menos consumo implica menos produción. Menos produción implica máis crise. A saída está no estímulo: en forma de medidas dos gobernos, de crédito do conxunto de bancos e dun bo uso da reforma laboral que se acaba de aprobar. Esa é a aposta.

Tribuna de opinión

Autovía eterna

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Para indignación e desesperación dos melidenses, a autovía A-54 entre Santiago e Lugo é coma o conto da boa pipa: empeza pero nunca acaba. As últimas noticias chegadas de boca de responsables políticos caeron coma unha xerra de auga fría sobre as esperanzas de quen considera esta infraestrutura unha vía de importancia vital para o progreso de Melide.

As noticias son negativas e falan dun novo atraso nas obras que situaría a finalización dos traballos, como moi cedo, no ano 2015. De confirmarse esta data, a autovía entraría en funcionamento seis anos máis tarde do previsto. Inicialmente ía estar en servizo en 2009 e logo atrasouse ata 2012, previsión que tam pouco se cumprirá.

A sociedade melidense non debe permanecer impasible ante actuacións que contribúen a hipotecar o futuro da vila. Melide precisa boas comunicacións que conecten as súas empresas e as súas xentes coas principais cidades galegas no menor tempo posible. Precisa dunha infraestrutura que faga destas terras o verdadeiro cerne de Galicia; accesible e con máis potencialidade.

O traballo foi moito e moi intenso para conseguir, entre todos e todas, que a autovía pasase preto do pobo. É por iso que se debe seguir pelexando para que os esforzos non queden en van e para que non se utilice a crise como cortada perfecta para paralizar un proxecto do que xa nos deberíamos estar servindo. A loita debe continuar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	12
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	20
-COLABORACIÓNS.....	30
-ENTREVISTA.....	31

A primeira edición de “Melide Salón da Voda” celebrarase o 22 de abril no Pazo de Congressos

Os comercios interesados en participar deben anotarse antes do 22 de marzo

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) e a Concellería de Promoción Económica e Turismo traballan xa cóbado con cóbado na organización da que será a primeira edición do Salón da Voda de Melide. O que comezou como un proxecto de futuro é xa toda unha realidade que se materializará o próximo domingo 22 de abril no Pazo de Congressos e Exposicións da vila.

Baixo o lema “Casa comigo... en Melide”, o Salón da Voda pretende ser un gran escaparate no que se amose toda a oferta que o tecido comercial e empresarial da vila ofrece ás parellas de noivos. A proposta inicial, formulada pola emprendedora local Rebeca Ponte, contempla a idea de congrega no Pazo de Congressos a comercios de sectores moi variados nos que se poida atopar todo o necesario para organizar un casamento, dende a despedida de solteiro ata a decoración do fogar do futuro matrimonio.

Que ofrece o Salón?

En horario ininterrompido de 11:00 a 20:00 horas, os asistentes ao Salón da Voda de

Melide poderán consultar e contratar menús para banquetes, a decoración floral do lugar do enlace, a perruquería e, por suposto, os traxes de noiva, de noivo e de madriña. Haberá tamén unha variada representación do sector da xoiería e estarán presentes estudos de fotografía e algunhas casas rurais da comarca que acollen cerimonias. Outra das ofertas do evento será a dos comercios que elaboran artigos de regalo para os invitados e tarxetas de invitación. Estarán presentes empresas de transporte con coches de época para os noivos e o servizo de traslado de invitados.

Non podería faltar unha representación do sector do ocio, tan importante nunha vila como Melide á que acoden cada vez máis mozos e mozas a celebrar as súas despedidas de solteiro. Asemade, terá o seu propio stand algunha axencia de espectáculos e incluso os reposteiros locais amosarán o seu bo facer coas tortas nupciais. Do mesmo xeito participarán varios comercios que poñerán a disposición dos noivos un amplo catálogo de artigos para completaren a súa lista de voda.

Inscrición

Os empresarios e comerciantes que desexen participar na primeira edición do Salón da Voda de Melide xa poden formalizar a súa inscrición nas oficinas de Asetem, na rúa Lino Sexto Sánchez número 9. Os interesados só terán que



A oferta do sector da restauración será un dos atractivos



Numerosos comerciantes asistiron á reunión informativa

cubrir unha ficha cos seus datos e aboar unha cota de 30 euros. O prazo remata o próximo día 22 de marzo.

A sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide acolleu o pasado 6 de marzo unha reunión informativa na que o concelleiro de Promo-

ción Económica, Santos López, a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, e Rebeca Ponte detallaron as liñas mestras do Salón da Voda. O acto contou cunha afluencia notable de comerciantes da vila que se amosaron moi ilusionados coa iniciativa.

Casa comigo... despois dos 30

Melide perfílase como un lugar ideal para celebrar un casamento, tanto pola variedade de servizos como polos prezos máis económicos e a beleza das súas paisaxes. Non obstante, todos estes non parecen ser argumentos dábondo para pasar polo altar canto antes. As estatísticas confirman que a mocidade da Terra de Melide non pensa en voda ata chegados os 30 anos.

Segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística, os veciños de Santiso son os que máis tarde contraen matrimonio: eles cunha idade media de 33,7 anos e elas con 29,7. Pola contra, no concello de Sobrado é onde máis presa se dan e tanto homes coma mulleres casan á idade de 27,5 anos. No caso de Melide, a barreira dos 30 tamén está moi presente para as parellas casadeiras: as mozas contraen matrimonio cunha idade media de 29,3 anos e os mozos fano con 32. Toques presenta uns datos semellantes, cunha idade á hora de casar de 32,5 anos no caso dos homes e 27,5 no caso das mulleres.

Na última década celebráronse no concello de Melide unha media de 25 vodas ao ano, entre matrimonios civís e relixiosos. O ano no que máis enlaces se produciron foi 2004, cun total de 33 casamentos. 2010 bateu o record á baixa con 19 vodas.

Set de 3 sartenes ecológicas al contratar tu nueva póliza de HOGAR.

Prima mínima de 150 € para pólizas contratadas entre el 01-03-2012 y el 31-05-2012

SEGUROS BILBAO | GRUPO CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES hasta el

TU SEGURO DE VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES
A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

25% descuento

Mercamelide buscará en próximas edicións captar clientes de toda Galicia

A derradeira feira pechou cunha excelente afluencia e bo nivel de vendas a pesar da crise

Mercamelide aspira a ser un reclamo para clientes de toda Galicia. Tras o éxito da última edición, a feira de saldos local pretende dar un salto cualitativo e converterse en próximas convocatorias nun referente a nivel galego. Así o confirma o concelleiro de Turismo e Promoción Económica, Santos López, quen asegura que un dos obxectivos futuros é “darlle un enfoque máis global, en clave galega, para que sexa un reclamo máis alá da comarca de Compostela”.

Xunto coa intención de captar clientes dunha área xeográfica máis ampla, a organización pretende que no Mercamelide participen máis comercios locais. “A vila ten un tecido comercial moi forte e sabemos que poderían participar máis tendas das que o fixeron. Temos que traballar para que se incorporen en próximas edicións e ser cada ano máis”. Por outra banda, Santos López Sostén que dende o concello se continuará apostando “pola renovación estética” do evento e que se tentará ampliar a oferta de ac-

tividades paralelas.

Balance positivo

A falta dunha cifra oficial de asistentes, a organización considera que “se superaron as expectativas” no que a afluencia de público se refire. O evento, que se celebrou os días 11 e 12 de febreiro no Pazo de Congresos e Exposicións, foi de menos a máis e pasou de rexistrar unha entrada discreta na mañá do día 11 a unha afluencia considerable durante a tarde e o día seguinte.

Dúas das propostas que máis aceptación tiveron foron os inchables para os nenos e a máquina filloeira de Lestedo que, malia ser capaz de fabricar 1.500 unidades por hora, non puido evitar que se formasen longas ringleiras de xente esperando para facerse cunha ración de filloas.

Comerciantes e clientes

“Non nos podemos queixar”. Esta foi a frase máis repetida entre os preto de 30 comercios da vila que participaron no Mercamelide á hora de valorar a novena edición da feira.

Todos eles coinciden en sinalar que a afluencia de público superou a de convocatorias anteriores pero aseguran que as vendas caeron. “Está vindo moita xente pero non compra. Non sabemos se é polo frío ou pola crise”, comentaban con humor as responsables dunha tenda de roupa, “comen moitas filloas pero non gastan os car-

tos”. Tres ou catro postos máis abaixo, outra voz confirma esta tendencia: “por moita oferta que poñas, a xente mira pero non compra”. Algúns comerciantes, sobre a marcha, ían poñendo cifras á evolución do negocio: “calculamos que as vendas caeron entre un 10% e un 20% con respecto ao ano pasado, pero para os tempos que corren non é un mal dato. Non temos queixa”. Noutros stands o balance foi mellor: “non notamos diferenzas co ano pasado. A xente segue comprando en Mercamelide porque atopa produtos que se axustan ao que necesita”.

A variedade foi unha das apostas da novena edición de Mercamelide e un dos aspectos máis valorados polos asistentes, moitos dos cales coincidían ao sinalar que “aquí hai de todo” e “está moi ben montado”. Durante dous días o comercio local ofreceu a prezos moi reducidos artigos de calzado, roupa, complementos, fogar, mobles, decoración, menaxe, lencería, deportes, mercería, perfumería e electrodomésticos. Non faltou a gastronomía e os produtos ecolóxicos.

Mercamelide foi inaugurado pola Directora Xeral de Comercio, Nava Castro, que destacou a importancia deste tipo de eventos e fixo fincapé na repercusión económica que poden ter a nivel comarcal. A próxima edición da feira de saldos será en setembro.



Rodrigo Vázquez



Rodrigo Vázquez



Rodrigo Vázquez



Ezequiel Eventos redeseña o concepto de restaurante

A oferta hostaleira de Melide, xa de por si ampla e variada, conta dende hai algo menos dun ano cun novo establecemento: Ezequiel Eventos. O local naceu orixinariamente como complemento á pulpería que leva o mesmo nome, unha das históricas de Melide, pero lonxe de continuar con esa tradición tan característica, apostou por un novo xeito de entender o negocio.

Ezequiel Eventos, á marxe de restaurante, quere ser tamén un lugar idóneo para comidas privadas e reunións. O establecemento está pensado para ofrecer un ambiente recollido e íntimo no que manter longas conversas, pechar negocios á marxe de miradas indiscretas ou organizar festas privadas. O obxectivo é facer sentir ao cliente como se estivese na súa propia casa.

Sendo esta a súa marca de identidade, fíxose do local un lugar amplo, cómodo e práctico tanto para os comensais



O 17 de marzo Ezequiel Eventos acollerá a festa Singles Galicia

como para o traballo da cociña e camareiros. Ese foi o resultado ao que se chegou logo de mercar unha casa en ruínas da Travesía do Sol e reformala por completo. A proximidade coa pulpería e as posibilidades

que ofrecía o solar, convertérona no lugar ideal para dar saída a unha nova liña de negocio. O establecemento está tamén dispoñible para todo tipo de celebracións e acolle comidas e ceas con reserva



O local ten capacidade para unhas 50 persoas

previa. Ofrece varias combinacións de menús, con diferentes prezos, todos eles moi económicos.

Ezequiel Eventos, o seu propio nome o indica, aspira a ser un referente na organización

de actos privados en Melide. Recentemente acolleu a entrega dos premios de Nadal de Asetem-Cca. O próximo día 17 de marzo acollerá unha cea de confraternización da plataforma "Singles Galicia".

Ezequiel

eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378

Asetem entrega os premios da Campaña de Nadal e sortea as ceas do Día dos Namorados

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) organizou o pasado 17 de febreiro un evento no que os premios foron protagonistas por partida dobre: a patronal melidense sorteou as ceas do Día dos Namorados e fixo entrega dos galardóns da campaña de Nadal. O acto, celebrado en Ezequiel Eventos, contou coa participación de numeroso público, entre comerciantes e clientes. En conxunto, Asetem repartiu ao longo da noite 33 premios entre os compradores dos comercios asociados.

O acto comezou co sorteo das ceas do Día dos namorados. Extraéronse 8 boletos polo sistema de man inocente. A maiores extraéronse outros tres para sortear as ceas que regalaron Ezequiel Eventos e Cafetería Chaplin. Os clientes agraciados aínda teñen de prazo ata o 18 de marzo para consumir a súa cea e poderán escoller entre 11 restaurantes de Melide. Tralo sorteo do Día dos Namorados, procedeuse á entrega dos premios da campaña "Este Nadal toca en Melide", a través da que Asetem repartiu 6.000 euros. No acto participaron os clientes agraciados, que recibiron de mans dos comerciantes os vales de 50 euros ata completar o premio obtido por cada un. Puxo o broche final ao evento a degustación duns petiscos por xentileza de Ezequiel Eventos.



Iria Pérez (representando a seu pai) recolle o 1º premio de mans de Librería Cousas. Acompañanas, de esquerda a dereita, Secundino Rodríguez, Elena Quintas e Santos López.



María del Carmen López Río recolle o segundo premio, dotado con 1.000 euros, de mans de Xoiería Roval. Acompañanos Secundino Rodríguez, Santos López e Elena Quintas.



José e Pilar ganaron unha das once ceas que sorteo Asetem. Cubriron o seu boleto en Modas Manuel e decidiron consumir en Casa Quinzán, onde gozaron dunha romántica velada.



Parrillada Rúa tamén acolleu unha das ceas dos Namorados. Neste caso a versión romántica transformouse noutra máis familiar; calquera ocasión se presta para gozar de boa compañía.

Comerciantes e premiados da campaña "Este Nadal Toca en Melide"



María del Carmen Miguélez e Estanco Angarela



María del Carmen Mosquera e Xoiería Oro Ley



Mar López e Secundino Rdguez. /Carnicería Penas



Zapatería Tanuska e Esther Fociños Quiñoy



Antonio García Prado e Bodegas Mejuto



Ana Vázquez e Secundino Rodríguez /Calitex



Expert Melide e Ermitas Rodríguez Mosteiro



Luisa Blanco Vázquez e Modas Manuel



Sita Miguélez Díaz e Librería Cousas



Pilar Maseda e Secundino Rdguez. /Carn. Penas



María del Carmen Fontao e Electricidade Vilela



Beatriz Sánchez Mato e Ultramarinos Aceiteiro



Carmen Costoya e Santos López / Pescados Abel



María Jesús Blanco Ríos e Calzados Broz



Anastasio Prieto Carreira e Electricidade Vilela

Os produtos melidenses triunfan no Forum da Gastronomía ao abeiro de Terras do Ulla e Tambre

Melide soubo aproveitar a oportunidade de participar na feira de profesionais da gastronomía máis importante de Galicia. Varias empresas locais do sector da alimentación, implicadas na asociación Terras do Ulla e Tambre, expuxeron os seus produtos durante varios días no Forum Gastronómico de Santiago con moi boa acollida por parte do público.

Foi sen dúbida unha boa oportunidade para dar a coñecer a calidade dos produtos da comarca e convertelos en sinal de identidade e reclamo turístico para a zona. Ese é o obxectivo co que a Asociación Terras do Ulla e Tambre decidiu instalar dous stands no Forum Gastronómico: ofertar o potencial da comarca da man dos seus produtos alimentarios característicos.

Dese xeito, os visitantes pui-

deron ver queixos da denominación de orixe protexida Arzúa Ulloa ou embutidos elaborados de forma tradicional como os que ofertaron Serra do Castro, unha empresa melidense que leva pouco máis dun mes funcionando, ou Distribuciones O Carrizo e Restaurante Alongos.

Unha das principais casas reposteiras de Melide, Casa Estilo, tamén participou con dúas degustacións de melindres, ricos e amendoados. Non faltaron tampouco os viños de DO Rías Baixas aportados por Pazo de Galegos e o mel, tamén de Denominación de orixe, da empresa arzuá Erica Mel. Completaron a oferta os viños ecolóxicos de Casa Alongos, que protagonizou un dos actos máis concorridos ao fusionar o sabor dos caldos coa música de Cardigan Bridge.

EDUARDO BRANDARIZ,
PRESIDENTE DE “TERRAS DE ULLA E TAMBRE”

“A calidade dos nosos produtos alimentarios é un gran atractivo turístico”

-Por que se creou a Asociación Terras de Ulla e Tambre?

-Na comarca houbo dous plans de dinamización turística importantes que remataron recentemente. Quixemos darlles continuidade e dalgún xeito estámolo conseguindo a través dun convenio coa Deputación da Coruña. A Asociación é de recente creación. Levamos funcionando un ano, máis ou menos.

-Cal é a súa filosofía?

-Entendemos que a forma de ofertar o potencial turístico da comarca é indo da man dos nosos produtos alimentarios. A súa calidade é un gran atractivo e un reclamo moi importante. Notamos que isto atrae moito aos visitantes e que lles agrada. É moi doado conquistar a calquera polo padal.

-Quen pode formar parte da asociación?

-Calquera produtor que queira traballar con nós e que estea dentro da comarca do Ulla e Tambre. Quixemos dende o primeiro momento que fose unha asociación totalmente

aberta e que dera acollida aos nove concellos que abarca o territorio.

-A unión fai a forza ?

-Por suposto. Se non estivesemos asociados sería imposible participar no Forum Gastronómico, por exemplo, porque os custos son moi altos e os tempos que atravesamos non son os mellores. Por iso é cada ve máis importante xuntar esforzos, para ter unha oferta máis potente.

-Que foi o que os animou a participar no Forum Gastronómico de Santiago?

-Foi unha iniciativa que valoramos nun principio pero que axiña saíu adiante porque vimos que era un escaparate excelente para os produtores da comarca: de queixo, viños, doces, produtos cárnicos... moitos deles amparados por denominacións de orixe como Rías Baixas, Arzúa-Ulloa ou Mel de Galicia.

-Como resultou a experiencia?

-Quedamos moi contentos. Os participantes asombráronse



da alta participación que houbo e do interese que despertaron os seus produtos. A xente preguntou moito e interesouse polas características do que ofertaban. Era o que esperabamos do certame e participar foi unha dose de ilusión importante.

-Xa participaron con anterioridade en eventos deste tipo?

-Si. Incluso saímos fóra de Galicia, aínda que non eran certames gastronómicos coma o de Santiago. Estivemos na Feira de Turismo de Interior, en Valladolid, e máis recentemente na Feira Internacional de Turismo, en Madrid.



Os expositores de Terras do Ulla e Tambre foron dos máis visitados


Bodega y Viñedos
Pazo de Galegos

*Lugar de Galegos, 6
San Pedro de Vilanova (Vedra)
Tlf: 981 512 217*

centro de divulgación



Feira Nova s/n - Santa María
15819 ARZÚA
Telf: 981 508 142
cooperativa@ericamel.es



Rambla de San Pablo, 72 B
15800 MELIDE (A Coruña)
Teléfono: 636 586 324
Pilar Costoya Vázquez

Balada - Visantón
15809 Santiso
A Coruña
Teléfonos:
981 51 07 02
619 86 74 25
queixerivarela@gmail.com



Minia Varela Antas



Cafetería y Pastelería
Estilo
Tfno.: 981 505 153
C/. Progreso, 6
15800 MELIDE (A Coruña)



Restaurante Alongos

Distribuciones O Carrizo



Avda. de Lugo, 22 15800 MELIDE
Tlf. 981 50 75 10 - 615 36 00 89



Distribuciones **Casa Alongos** Degustación dos seus produtos



Rúa Lavadoiro 15800 MELIDE
Tlf. 981 50 63 92 - 619 22 93 34

Melide abandona a lista dos concellos morosos

O concello pon ao día as súas contas tras facer fronte ao pago de 508 facturas pendentes

producido en 2012.

Un ano moi duro

A consignación desta partida é posible, segundo o equipo de goberno, polo aproveitamento de anticipos de ingresos procedentes das distintas administracións e pola “contención do gasto” das diferentes concellerías. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, reconece a dureza dos recortes aplicados e advirte aos melidenses de que “isto non é maná” e que os agarda un ano “moi duro”.

O pleno extraordinario serviu tamén para dar luz verde a unha modificación de crédito por valor de 90.590 euros, e con cargo ao remanente de tesourería, que servirá para atender a débeda non incluída nos orzamentos de 2012. Trátase, segundo o concelleiro de persoal e facenda, Luis Arias, de “facturas de caixón” que estaban sen rexistrar e ás que se lles quería dar cabida “nos pagos programados para antes do 14 de marzo”.

Endebedamento bancario

Na súa intervención Luis Arias destacou que nos últimos nove meses se amortizaron ademais 400.000 euros de débeda bancaria. Isto implica, segundo o concelleiro, unha redución de case nove puntos no nivel de endebedamento bancario, pasando dun 46,37% a un 37,92%. Na mesma sesión tamén se presentou a liquidación do ano 2011.

O recoñecemento extraoficial de crédito foi aprobado cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, que cuestionou a urxencia do pleno e asegurou botar en falta unha comisión informativa previa.

O goberno de Melide converteu o pago de débedas pendentes na súa bandeira para o exercicio orzamentario de 2012. Coa intención de sanear as arcas municipais e poñer ao día a contabilidade, o executivo local ven de aprobar un recoñecemento extraoficial de crédito por valor de 884.407 euros para facer fronte ás facturas sen pagar dos anos 2009, 2010 e 2011.

Con esta medida, o concello de Melide será dos poucos de toda Galicia que non teña necesidade de acollerse á liña de créditos ICO para cumprir cos seus provedores. De feito, a partida orzamentaria foi aprobada no transcurso dun pleno extraordinario e urxente para dar luz verde aos pagos pendentes antes do 14 de marzo. Esa é a data de aprobación do decreto do goberno central que obriga ás administracións locais a recorrer a créditos bancarios para pagar as súas débedas, algo que xa non terá que facer Melide.

Coa aprobación desta medida económica, a día de hoxe todos os provedores do concello teñen cobrados os cartos que se lles debían. En total fíxose fronte a 508 facturas, de xeito que xa non hai débeda na administración local, excepto a que se vaia xerando do gasto

PRESUPOSTOS DO CONCELLO DE MELIDE PARA 2012			
ORZAMENTO DE INGRESOS (RESUMO POR CAPÍTULO)			
Cap.	Denominación	Importe	Porcentaxe
1	Impostos directos	2.117.900,00	35,50%
2	Impostos indirectos	61.500,00	1,03%
3	Taxas e outros ingresos	1.417.096,41	23,75%
4	Transferencias correntes	2.227.544,00	37,43%
5	Ingresos patrimoniais	7.000,00	0,12%
6	Alleamento de investimentos reais		
7	Transferencias de capital	135.145,26	2,27%
8	Activos financeiros		
9	Pasivos financeiros		
TOTAL		5.966.185,67	100%
ORZAMENTO DE GASTOS (RESUMO POR CAPÍTULO)			
1	Gastos de persoal	2.149.439,39	36,03%
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.136.579,82	53,03%
3	Gastos financeiros	73.100,00	1,23%
4	Transferencias correntes	65.100,00	1,09%
6	Investimentos reais	169.666,46	2,84%
7	Transferencias de capital		
8	Activos financeiros		
9	Pasivos financeiros	345.300,00	5,79%
TOTAL		5.966.185,67	100%

Aprobados os orzamentos da austeridade

O Concello de Melide aprobou, cos votos a favor do PP, en contra do PSOE e a abstención do BNG, os presupostos para 2012. As contas, que ascenden a 5.966.185,67 euros, priorizan o mantemento dos servizos que xa existen e o pago de débedas pendentes. O equipo de goberno defende que se trata dun documento “realista” e axeitado aos tempos que corren mentres que a oposición (BNG e PSOE) critica o escaso nivel de investimentos, que cae a un simbólico 2,84% do total.

O Portavoz Municipal do PSOE, Manuel Prado, acusou ao executivo local de facer unhas previsións de ingresos “demasiado optimistas” e de-

finiu as contas como “un globo que se vai desinchar e que rematará con moitos impagos”. O socialista criticou tamén o baixo nivel de investimentos, que quedará neste exercicio en 169.666,46 euros. Referiuse a este capítulo como un “auténtico vacile” e matizou que “restadas as achegas doutras administracións, o concello só investirá de recursos propios 20.000 euros”.

Na mesa liña se manifestou o BNG. A súa portavoz, Socorro Cea, solicitou que “o pago de facturas vaia acompañado de obras” e arremeteu contra o goberno local botando man da súa xestión á fronte da alcaldía: “nós en catro anos fixemos 120 obras, e xa había

crise. Agora cáesenos a alma aos pés ao ver o que levades feito vós en case un ano”. Acusou ao executivo local de levar a mínimos históricos o capítulo de investimentos “cando nos últimos anos, xa con dificultades económicas, nunca estivo por debaixo do 10%”. Cea tamén criticou que non se destine ningunha partida económica para o programa Vacacións en Paz nin para o Museo Terra de Melide.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, respondeu a estas acusacións asegurando que se presentou ás eleccións “sen falar nunca de grandes proxectos” e que obtivo un respaldo contundente por parte dos melidenses.

FISIO  **VIDA**

Fisioterapia
rehabilitación

Paula García Vázquez
FISIOTERAPEUTA - Colg. 958

Tfno.: 981 50 70 47 - 666 95 29 04
E-mail: fisiovidamelide@gmail.com

Florentino L. Cuevillas, 16 baixo
15800 MELIDE (A Coruña)

XORNAL CERNE

Departamento de
publicidade

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com

O concello asume a xestión da piscina, que prevé abrir “en canto sexa posible”

O servizo será prestado por traballadores municipais ata que se realice a nova concesión

Técnicos externos ao concello de Melide traballan dende o pasado 6 de marzo na piscina climatizada para acometer os arranxos necesarios que posibiliten a súa reapertura.

O goberno local non pon unha data concreta para o reinicio da actividade pero asegura que será nun breve espazo de tempo co obxectivo de repoñer canto antes os prexuízos causados aos preto de 620 socios do complexo deportivo, moitos dos cales coñeceron o peche das instalacións por un cartel pegado na porta do recinto.

O concello decidiu asumir a xestión da piscina climatizada despois de que a empresa concesionaria da súa xestión, Xedga SL, anunciase o 29 de febreiro, de forma repentina, o cese da súa actividade. Cinco días máis tarde, a través dun decreto, a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, interveu o servizo da piscina climatizada e rescindiu o contrato da empresa, contra a que non descarta tomar medidas legais polo estado no que se atopa o complexo deportivo e a zona de máquinas.

Neste sentido, segundo dous informes encargados polo concello, o recinto presenta importantes deficiencias. As conclusións dos técnicos recollen que o mantemento insuficiente e a falta de inspeccións periódicas propiciaron a inoperancia actual das instalacións. Os problemas máis graves están nos sistemas de climatización e de cloración, que requiren un in-

vestimento próximo aos 130.000 euros. Xa antes do peche da piscina, as queixas dos usuarios polos problemas nas instalacións eran constantes, sobre todo no referido á temperatura da auga.

Ao tempo que se realizan os traballos de mellora, o executivo local prepara a documentación para sacar a concurso unha nova concesión. Mentres, a concellería de Cultura e Deportes estuda como redistribuír o persoal municipal para que se ocupe da piscina.

Por outra parte, os catro empregados de Xedga SL, sobre os que o concello di que “non hai unha vía legal para poder acollelos”, presentaron a través de UGT unha demanda colectiva polo impago das dúas últimas nóminas. Rexeitaron ademais a intención de Xedga SL de non pagarlles o finiquito. Os afectados son dous empregados da limpeza, un recepcionista e un socorrista.

Socorro Cea abandona a dirección do BNG tras 9 anos en primeira liña

Socorro Cea, alcaldesa de Melide entre 2007 e 2011 e portavoz municipal do BNG, xa non forma parte do consello local do partido, órgano que foi renovado no transcurso dunha asemblea celebrada o pasado mes de febreiro.

Cea deixa de formar parte da dirección do BNG melicense, da que era membro dende que en 2003 encabezou por primeira vez a candidatura nacionalista á alcaldía, por razóns persoais. Non confirma nin desmente se continuará sendo a voceira dos nacionalistas no concello, cargo que exerce na actualidade.

Xosé Iglesias, reelixido

Quen si repite como responsable local do BNG é Xosé Iglesias, que foi reelixido por unanimidade. Ocupa o cargo dende hai dous anos e medio e compatibilízao co de concelleiro dende hai case un. Do órgano de dirección do BNG



Socorro Cea

melicense tamén saíron María José Rodríguez Gómez e Anabel Ramos Rúa, que foron concelleiras no anterior goberno local, ademais de José Blanco. Da anterior executiva permanece Manuel Souto Vázquez. Con el estarán na dirección Xosé María Santín Amo, Xulio Fernández Carnedo e Sainza e Gutier Fernández Lirio.

Comezan os preparativos da XXI Festa do Melindre

A Concellaría de Promoción Económica do Concello de Melide está a traballar na programación da Festa do Melindre, que este ano terá lugar o día 13 de maio, coincidindo como é habitual co segundo domingo deste mes. Como novidade, para a presente edición convócase o I Concurso de Deseño de Carteis. O traballo gañador será o que anuncie a festa deste ano. Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas, profesionais ou afeccionadas, maiores de 16 anos. Cada participante só poderá presentar unha obra, que deberá ser inédita. A temática versará sobre o melindre e a repostaría tradicional da Terra de Melide, comprendendo desde ingredientes e procesos de elaboración ata a propia festa de exaltación do melindre. Os traballos serán presentados en cartón pluma de 1 cm de grosor cun tamaño de 45x65 cm, achegándose tamén unha copia en soporte dixital antes do 29 de marzo.

I CONCURSO DE CARTEIS

XXI FESTA DO MELINDRE E DA REPOSTARÍA DA TERRA DE MELIDE

QUE?

Se tes os 16 anos cumpridos e desexas gañar unha *web-TV* participa no I Concurso de Carteis da XXI Festa do Melindre e da Repostaría da Terra de Melide.

COMO?

Presentando o teu orixinal en tamaño 45x65 cm.

CANDO?

Tes até o mércores, 28 de marzo, para presentar o cartel.

MÁIS INFORMACIÓN

No teléfono 981 505003 (de 8.30 a 15.00 h), no correo electrónico de cultura@concellodemelide.org ou na web www.concellodemelide.org



Os trámites municipais, a través da rede

O concello de Melide aprobou recentemente a súa incorporación á Plataforma de Administración Electrónica que promove a Deputación da Coruña. Con esta medida os veciños do municipio poderán realizar un gran número de xestións de índole local a través de internet e sen necesidade de desprazarse ata as dependencias do concello.

O municipio dá así o salto a unha nova forma de relacións entre os cidadáns e a administración local que aportará, segundo indican dende o concello, “transparencia e axilidade á hora de realizar os trámites cotiáns”.

O equipo de goberno sinala que a implantación da administración electrónica local “non será un proceso inmediato” e aclara que antes de poñela en marcha será necesario un período de adaptación previo. Non obstante, confía en que “os resultados serán bos nun futuro próximo” e asegura que “Melide estará na vangarda da innovación”.

Melide incorpórase á loita por conseguir as instalacións da ITV

O anuncio da Dirección Xeral de Industria de estudar a creación dun centro comarcal para a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) no interior de Galicia está a provocar unha batalla administrativa entre os concellos que aspiran a acoller as instalacións.

Se nun principio foron Palas de Rei e Monterroso os que protagonizaron a contenda, agora Melide tamén se suma á loita e reclama a creación da ITV no seu territorio. Dende o concello defenden a idoneidade da súa situación, por atoparse no centro xeográfico de Galicia, e as boas comunicacións que ten a vila. Por outra banda, o municipio tamén argumenta ao seu favor que é a poboación con máis habitantes da zona e, polo tanto, o que máis vehículos ten.

Na actualidade os condutores melidenses teñen que desprazarse ata Lalín ou Santiago para pasarlle a revisión aos seus vehículos. A creación dun centro de ITV en Melide prestaría servizo a un parque de 31.500 automóviles e abarcaría, como mínimo, unha dúcia de concellos: Santiso, Toques,



Os melidenses teñen que acudir a Lalín ou Santiago para pasar a ITV

Sobrado, Boimorto, Arzúa, Palas, Monterroso, Antas de Ulla, Guntín, Portomarín, Agolada e Vila de Cruces.

Palas e Monterroso

Os outros dous concellos aspirantes non están dispostos a tirar a toalla. O goberno de Palas de Rei (PP) sinala que reclamará calquera servizo que beneficie aos seus habitantes e que loitará ata o final para conseguilo. Pola súa parte, o executivo de Monte-

roso (PSOE) argumenta que a súa petición se apoia en informes técnicos e económicos. O pasado mes de agosto envioulle unha carta ao Conselleiro de Industria, Javier Guerra, na que solicitaba a creación da ITV e aportaba un estudo.

A Consellería de Economía e Industria non se posiciona e limítase a dicir que está estudando tanto a viabilidade económica de crear unha ITV na comarca como as propostas formuladas polos concellos.

Novos atrasos na A-54 fan imposible rematala antes de finais de 2015

Melide terá que seguir esperando aínda máis para ver feito realidade un proxecto polo que agarda dende hai tempo. O Conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas, Agustín Hernández, confirmou en sede parlamentaria que a Autovía A-54 entre Santiago e Lugo acumulará novos atrasos e non estará en servizo “como mínimo” ata 2015. De confirmarse esta data, a autovía entraría en funcionamento seis anos máis tarde do previsto. Inicialmente ía entrar en servizo en 2009 e logo atrasouse ata 2012, previsión que tampouco se cumprirá.

O Conselleiro explicou que algún tramo se podería abrir ao tráfico en 2013 pero aclarou que dos cinco que están en execución aínda hai 226 millóns de euros sen certificar, un 75% da inversión. Por outra banda, confirmou que hai dous tramos que aínda están sen licitar e que son os que acumulan máis retrasos: Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei, que só teñen os proxectos redactados. Para o primeiro, de 16,5 quilómetros, contéplase un orzamento es-

timado de 135 millóns de euros. Para o segundo, de 11,6 quilómetros, 76 millóns.

Hernández atribúe as demoras á “parálise” propiciada polo anterior goberno de Zapatero e centra as súas críticas no ex ministro José Blanco, ao que acusa de non aproveitar o tempo de bonanza económica e de “dedicarse só a facer grandes anuncios”. Descarta que o informe da Xunta sobre o tramo que atravesa a Serra do Careón, declarada Lugar de Interese Comunitario, teña que ver coa parálise da autovía ao seu paso por Melide. Segundo Hernández, o informe só afecta a tres quilómetros e a busca dunha solución medioambiental non impediría traballar no resto de tramos.

O titular de Infraestruturas mantén que para Fomento a conexión entre Lugo e Santiago é “unha actuación prioritaria” pero matiza que a finalización da autovía dependerá da capacidade de inversión do ministerio nos próximos anos. O contexto económico, precisou Hernández, “non permite albergar grandes esperanzas”.

O BNG acusa á Xunta de paralizar a construción da nova escola infantil

Sostén que o goberno local é cómplice “por non mover nin un só papel”

O BNG denuncia que a Xunta de Galicia mantén paralizado o proxecto de construción dunha nova escola infantil na vila. Segundo os nacionalistas, ante unha pregunta presentada sobre a posta en marcha deste servizo, a resposta da administración autonómica foi que “non está previsto o seu avance para este ano 2012”.

Durante o mandato do anterior goberno local asinou un convenio coa Xunta do bipartito para erguer unha nova escola infantil en Melide dentro do Plan Educa, que incluía a creación doutros 14 centros



Maqueta da escola proxectada para Melide

en varios municipios galegos. No ano 2009 aprobouse en Xunta de Goberno a licenza de construción do edificio. Agora os nacionalistas denuncian que “co cambio de goberno na Xunta non se realizou ningún trámite para a posta en funcionamento deste servizo tan demandado”.

O BNG fai extensibles as súas críticas ao goberno local e acusa á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, de amosar un “total desinterese” polo tema “dado que non preguntou polos prazos de execución nin moveu un só papel para que os cartos presupostados para a escola se convertan nun servizo”.

FOTO-DENUNCIA

Falta antideportiva



Hai quen confunde o deporte co vandalismo, a estratexia no campo coa intención premeditada de facer mal, a táctica de equipo co gamberrismo de pandilla, o botellín isotónico co botellón, as vitaminas co alcohol e a deportividade coa falta de respecto polo que é de todos. As noites de movida deixan cada vez con maior frecuencia imaxes dos estragos

no mobiliario urbano. As pistas de padel foron as últimas vítimas dun comportamento que merece vermella directa e expulsión. A falta de civismo e de educación é tamén unha cuestión de arbitraje que comeza na casa e continúa por unha maior presenza policial as noites dos sábados. Hai que evitar que este tipo de condutas acaben por xeneralizarse.

Soluciónanse os problemas na rede de saneamento das vivendas sociais

O Instituto Galego da Vivenda e do Solo deu por rematadas as obras de reforma no sistema de canalización e nos sumidoiros das Vivendas de Promoción Pública de Melide. Ponse fin así a un longo pesadelo que durante cinco anos motivou as queixas dos veciños polos constantes atascos na rede de saneamento e a persistencia de malos olores.

Unha das actuacións realizadas consistiu na eliminación das arquetas exteriores, que foron substituídas por un bote sinfónico dentro dos garaxes. Tamén se cambiaron 50 metros da rede exterior e se modificaron os tubos interiores para conseguir unha pendente artificial e favorecer así o fluxo das augas residuais. O conxunto de actuacións tivo un custo a aproximado de 20.000 euros.

Entrega do último piso

A delegada territorial da



Belén do Campo (no centro), acompañada por Ánxeles Vázquez, coñeceu de primeira man os problemas que había nas vivendas

Xunta, Belén do Campo, visitou os edificios acompañada pola alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e anunciou que “en breve” se entregará a última vivenda de protección que quedaba baleira. Será o departamento de Servizos So-

ciais do concello quen se encargue de propoñer á familia que ocupará o piso, de 80 metros cadrados, xa que en Melide non hai lista de espera para as Vivendas de Promoción Pública. O piso entregárase en réxime de aluguer.

A Deputación sufraga o arranxo de 7 rúas da vila

A Xunta de Goberno Local de Melide aprobou na última sesión ordinaria adxudicar obras por importe de 90.000 euros. Esta inversión, sufragada integramente pola Deputación da Coruña, servirá para mellorar o estado de sete rúas da vila. As actuacións programadas contemplan a construción da rede de pluviais, para canalizar a auga de choiva ao seu curso natural, e a reposición de firmes con tubería de polipreno. Tamén se construírán os correspondentes pozos de rexistro e pintárase a sinalización horizontal.

As rúas afectadas por esta actuación serán Doctor Francisco López, Alcalde José Bahamonde Fraga, Alcalde Javier Rodríguez Pampín, Alcalde Jesús Fondevila Castro, Alcalde José Ares Lois e Alcalde Manuel Pampín Prado. A obra adxudicouse á empresa Construcciones Leonardo Miguelé S.L.

Inversións e débeda

O reducido volume de inversións que contemplan os orzamentos para 2012 foi un dos puntos máis criticados pola oposición no pleno de orzamentos. A xustificación esgrimida polo goberno local provocou polémica ao asegurar que todo o esforzo económico deste exercicio se centrará en facer fronte á débeda herdada do bipartito BNG-PSOE: 1 millón de euros en facturas dos anos 2009, 2010 e 2011.

O BNG saíu ao paso das críticas lanzadas polo equipo de goberno rexeitando tal extremo e argumentando que “tomamos a molestia de contar as facturas unha por unha e o que quedou sen pagar da nosa etapa son 553.000 euros, non un millón. En todo caso é moito menos dos 1,8 millóns que atopamos cando chegamos nós ao goberno”, sinalou a portavoz, Socorro Cea.

A parcelaria de Maceda e Orois chega ao seu fin

Os veciños de Maceda e Orois poderán tomar posesión nas próximas semanas das fincas resultantes da concentración parcelaria nestas dúas parroquias. Quince anos despois de que se asinase o decreto que a declaraba “de utilidade pública e urxente execución”, a Xunta de Galicia encamiña o final do proceso unha vez que rematou de resolver os últimos recursos presentados.

A parcelaria de Maceda e Orois afectou a 436 propietarios. En total reorganizáronse 1.087 hectáreas de terreo e reduciuse o número de parcelas nun 62%, pasando de 2.636 fincas antes do inicio da concentración a 1.004 despois de completar o proceso. Segundo datos da Delegación Territorial da Xunta na provincia da Coruña, o conxunto de actuacións tivo un orzamento de 784.000 euros.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, amósase “satisfeita” polo remate da concentración e sinala que se pon fin á preocupación que existía entre os veciños da zona “ao non poder dispoñer

das súas novas parcelas nunha área xeográfica onde hai un elevado número de explotacións agrarias que necesitaban dos terreos para o día a día”.

A toma de posesión das fincas estaba prevista para finais do verán pasado pero a resolución dos recursos presentados retrasouna ata a actualidade. Dende o concello consideran que as presións exercidas ante a Consellería do Medio Rural propiciaron que os expedientes se resolvesen “con celeridade” e se evitase así “un prexuízo económico para os propietarios”.

Maceda e Orois son as únicas parroquias de Melide nas que se puxo en marcha a parcelaria. O Decreto de concentración publicouse o 20 de febreiro de 1997. Tres anos despois aprobábanse as bases definitivas e no ano 2009 o acordo de concentración. A Consellería do Medio Rural non prevé iniciar de xeito inmediato a agrupación de fincas do resto de parroquias. Melide é un dos concellos do contorno con menor superficie concentrada.

Os veciños de San Martiño pactan co concello o arranxo do saneamento

Máis de un ano despois de rematar as obras, a rede de saneamento de San Martiño comezará a funcionar en breve. A posta en marcha da infraestrutura, que estivo en desuso ata agora por non dispoñer dos permisos necesarios, non sairá de balde para os habitantes desta parroquia melidense, xa que terán que pagar o custo dos materiais de obra necesarios para realizar as acometidas. Así se estableceu no pacto ao que chegaron os veciños e o concello no

transcurso dunha reunión entre ambas dúas partes para poñer en marcha o saneamento.

A Concellería de Obras comprometeuse a aportar a man de obra e enviará persoal municipal e un palista a San Martiño para realizar as conexións de todas as casas. Pola súa parte, os veciños correrán cos gastos de material. A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, considera que o acordo é “xusto” e avanza que se fará un control sobre o xeito no que se

realizan as acometidas “para que non haxa problemáticas nin a curto nin a longo prazo”. A rede de saneamento de San Martiño presenta nalgúns puntos grandes dificultades técnicas debido ao desnivel do terreo. Os traballos son necesarios para garantir a conexión entre determinadas casas. O concello, a petición dos veciños, tamén se comprometeu a ampliar o saneamento a varias vivendas localizadas en puntos dispersos e ás que lles queda lonxe a conexión.

Imaxe renovada para a Praza de Santa María

Un dos lugares máis emblemáticos do Camiño Francés ao seu paso por Melide, a Praza de Santa María, loce nova imaxe. O lugar foi renovado dentro do plan de acondicionamento do Camiño de Santiago. A obra contou cun orzamento de 178.000 euros que asumiron o Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta.



Os bares da zona dos viños organizan xornadas de degustación de tapas con 500 euros en premios

A zona dos viños de Melide engadirá durante o mes de marzo un aliciente máis ao atractivo que xa de por si concentra a centos de persoas nas rúas do casco histórico cada fin de semana: os bares da zona, no seu afán por seguir mellorando o ambiente de tapeo melidense, decidiron organizar unhas xornadas de degustación de tapas nas que ademais de ofrecer bo viño e bos produtos, agasallarán aos consumidores con varios premios en metálico.

“De tapas na zona dos viños”, como decidiu bautizarse a esta iniciativa, desenvolverase nas dúas últimas fins de semana de marzo. En concreto, os días 23, 24 e 25 deste mes e tamén o 30, 31 e 1 de abril. O evento non foi pensado só como un complemento da movida nocturna, senón que se pretende abrirse a todos os públicos e converterse nunha oferta igualmente atractiva para o ante xantar dos sábados e domingos.

Os organizadores quixeron engadir ao atractivo das tapas e o bo ambiente unha compensación económica; é por iso que os bares da zona dos viños sortearán 500 euros en premios entre os seus clientes. Os agasallos repartiranse do seguinte xeito: un premio de 300 euros e dous premios de 100 euros. Para poder entrar no sorteo, os consumidores ou clientes deberán cubrir un pasaporte co selo de cada establecemento participante. Unha vez que rematen as xornadas, escolleranse os pasaportes premiados de entre



todos os que estean cubertos, é dicir, os que conteñan os selos de cada un dos locais.

Coa posta en marcha desta iniciativa, os bares da zona dos viños queren contribuír á con-

solidación de Melide como a zona de tapeo máis importante do centro de Galicia, unha zona ben coñecida que acada a máxima expresión do bo ambiente co San Carlampio.

DE TAPAS NA ZONA DOS VIÑOS

Marzo:

Venres 23 e 30

Sábado 24 e 31

Domingo 25

Abril:

Domingo 1

Premios:

**Un
premio de 300 €**

**Dous
premios de 100 €**



BAR CEPA

ZONA DOS VIÑOS • Tfno.: 981 50 72 66
Praza da Herba, 5 • 15.800 MELIDE (A Coruña)



Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE



DE
TAPAS
NA



Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

ZONA
DOS
VIÑOS



Rúa Principal, 6 - 15800 MELIDE (A Coruña)

HOTEL Restaurante
Xaneiro
PX **HX**
Pensión Xaneiro, s.l. Hotel Xaneiro, s.l.
Tel.: 981 50 50 15 Tel.: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
San Pedro, 22 - Melide Avda. de la Habana, 43 - Melide

HABITACIONES CON BAÑO Y TV • CALFACCIÓN • AIRE ACONDICIONADO
SUIZ • HALL, PARRILLA, MINIBAR, etc. • TELEFONO EN TODAS LAS HABITACIONES
PARR • ACCESO A INTERNET WIFI DESDE LAS HABITACIONES

www.xaneiro.com

hotelxaneiro@anadiles.es

Adega "O Lar"

Rúa San Pedro, 17 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Tfno.: 981 505 753 - Rúa Alberte de la Fuente, 6
15800 MELIDE (A Coruña)

A comarca perdeu 1.683 habitantes na última década

A idade media da poboación aumentou e sitúase preto dos 51 anos

A Terra de Melide non permanece allea ao fenómeno de despoboamento que afecta a Galicia, en especial ás zonas do rural. Pese a ser unha das comarcas máis dinámicas do interior, os catro concellos que a integran perderon nos últimos dez anos 1.683 habitantes. Segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística, a finais de 2011 residían na Terra de Melide 13.137 persoas, fronte ás 14.820 que o facían no 2001.

Por concellos, o de Melide é o que mellor resiste, proporcionalmente, a caída de poboación, cun descenso do 7,55% na última década. En termos absolutos, o municipio cabeceira de comarca perdeu 638 habitantes e xa no ano 2005 quedou por debaixo da barreira dos 8.000. Na actuali-

dade ten 7.824.

Lidera o ranking de caídas o concello de Toques, onde o número de habitantes diminuíu un 17,51% ata quedar en 1.343. Santiso e Sobrado dos Monxes presentan un comportamento moi semellante, con descensos do 16,75% e do 15,43% respectivamente. Santiso, que hai dez anos superaba amplamente a barreira dos dous mil veciños (2.262), ten agora 1.883. Sobrado tamén perderá axiña esa referencia se continúa coa tendencia á baixa. Na última década perdeu 381 habitantes e na actualidade ten 2.087.

Con todo, a análise dos datos abre unha porta á esperanza. Nos últimos cinco anos o descenso da poboación é menos pronunciado. O exemplo de Melide é moi significativo: no derradeiro lustro perdeu 92 habitantes mentres que nos cinco anos anteriores (2001 – 2005) perdeu 574.

Avellentamento

Xunto co descenso de habitantes, o avellentamento da poboación é outro dos fenómenos que afectan á comarca. O con-

cello máis vello é Sobrado, cunha idade media de 53,3 anos. Tamén é o que presenta a porcentaxe máis alta de poboación maior de sesenta e cinco anos: 36,8% do total. Séguese no ranking Santiso, con 52,2 anos e un 35% de veciños que pasan dos sesenta e cinco. En Toques esta porcentaxe é do 31,2% e a idade media 51,3. Melide é o concello menos avellentado: a porcentaxe que poboación maior de sesenta e cinco anos sitúase no 25,6% e a idade media dos seus habitantes é de 46,5 anos.



O avellentamento da poboación afecta a toda a comarca

O INE renova o censo de poboación

Os traballadores do Instituto Nacional de Estadística (INE) están a realizar estes meses enquisas en todos os fogares da comarca para actualizar o censo de poboación e vivendas. En novembro e decembro os axentes do INE centráronse no censo de edificios e agora, ata finais do mes de marzo, completarán a recollida de información realizando a enquisa de poboación.

O INE prevé entrevistar ao

12% de persoas residentes en toda España. En concellos máis pequenos, como é o caso dos da Terra de Melide, é necesario que o cuestionario sexa cumprimentado por todos os habitantes do municipio. Os datos que cada persoa aporte aos traballadores do censo electoral non poderán ser utilizados con outra fin máis que a estatística.

O censo leva realizándose dende finais do século XIX.

Renóvase cada dez anos e permite coñecer características básicas da poboación como o sexo, a idade, a nacionalidade, a composición dos fogares, o nivel de estudos ou a situación laboral. Tamén aporta información sobre as características dos edificios, o seu réxime de tenencia, a superficie útil ou o ano de construción.

O custo previsto para todas as fases da operación é de 85 millóns de euros.

Sobrado intégrase nun consorcio de servizos con Vilasantar e Curtis

A crise económica puxo enriba da mesa nos últimos tempos a posibilidade de fusión de pequenos concellos para facelos máis viables. Sen contemplar de momento tal idea, Sobrado, Curtis e Vilasantar acaban de dar o primeiro paso para compartir servizos e abaratar custos. Os tres municipios formarán o Consorcio Local da Montaña, que atenderá a uns 8.000 veciños de 200 núcleos de poboación e terá un ámbito de actuación duns 300 quilómetros cadrados.

O acordo selouse simbolicamente a finais do mes de febreiro ante o mosteiro de Sobrado. Está apadriñado pola Deputación da Coruña e ten por obxectivo principal reducir gastos e ofrecer mellores prestacións aos residentes. Os servizos que compartirán os tres concellos iran definindo paulatinamente a medida que se analicen as necesidades de cada un deles. Non obstante, o máis probable é que comecen



Os tres alcaldes e o Presidente da Deputación en Sobrado

pola recollida do lixo, unha prestación na que os alcaldes confían en obter unha rebaixa notable na factura.

O Consorcio Local da Montaña quedará constituído formalmente nun prazo aproximado de seis meses, unha vez que se superen todos os trámites burocráticos. En primeiro lugar deberá formarse unha comisión xestora

e terá que aprobarse a creación do consorcio tanto nos plenos dos respectivos concellos como no da Deputación. Unha vez que agrupación funcione de forma autónoma, a Deputación deixará de tutelala. A entidade estará aberta á incorporación de máis concellos. Coa formación deste consorcio son xa tres os proxectos deste tipo na provincia.

Os maiores de Toques reciben formación da Garda Civil



Os maiores do concello atenderon aos consellos da Garda Civil

As estafas, os roubos e os accidentes domésticos foron algúns dos temas que se trataron na reunión que os axentes da Garda Civil mantiveron cos maiores de Toques para aconsallalos en materia de prevención e seguridade. Tamén se abordaron os riscos no fogar, a autoprotección persoal e a seguridade viaria. En relación con isto, os axen-

tes insistiron na importancia de levar chalecos reflectantes cando se camiña por vías interurbanas. Tamén se informou sobre certos tipos de estafas que están á orde do día, como o presunto revisor do gas que chega sen previo aviso ou o cambio de cartos falsos. A información completouse co repaso dos números de emerxencia aos que botar man.

Santiso aproba un plan de saneamento económico para tentar reducir o déficit

O Concello de Santiso márcase como obxectivo primordial para o exercicio económico de 2012 reducir a cero as débedas acumuladas e sanear as contas municipais. Para tal efecto, o equipo de goberno convocou un pleno extraordinario o pasado 6 de marzo que serviu para aprobar un plan de saneamento económico e financeiro que comezará a aplicarse nas próximas semanas.

O alcalde do municipio, Fernando Suárez, sinala que o déficit acumulado en 2010 ascende a 261.378 euros e que o de 2011, a falta de rematar a liquidación das contas, estaría preto dos 59.000. “Temos que reducir o déficit e farémolo, aínda que quedemos sen cartos para este ano por culpa de pagar as facturas pendentes, pero é preciso poñerse ao día”, declarou o rexedor.

Dende a oposición, o grupo do PP considera que o plan de



O plan foi aprobado cos votos a favor do tripartito e a abstención do PP

saneamento non é sólido porque non contempla datos reais. “Todos son hipóteses”, argumentou o portavoz popular Ovidio Leiva, “baséase na liquidación de 2011 que está sen facer, no orzamento de 2012 que está sen facer, e en impostos que están sen aprobar”. Os conservadores cues-

tionaron ademais a situación económica do municipio: “este concello nunca estivo endebedado. Saíu en negativo un exercicio porque as contas non estaban ao día e non se podía pagar”, sinalou Leiva.

O plan de saneamento financeiro no só contempla recortes, como é a redución dun

10% no gasto corrente, senón tamén unha subida de impostos, como é o caso do IBI ou o recibo do lixo, que pasará a custar 50 euros para os particulares e 60 para os negocios e empresas. Tamén se contempla a creación de novas taxas, como as que se aplicarán a construción de vivendas.

O alcalde considera que eses impostos “son necesarios para seguir funcionando porque a Xunta ameaza con retirarnos as subvencións se non cumprimos. Xa se fai noutros concellos, que cobran o triplo cá nós. Os veciños saberán entendelo”. A concelleira do PP Matilde Pallares asegurou que “coa de impostos que ides meter, a xente pensará dúas veces facer obras. Con isto, dende logo, non favorecedes o crecemento de Santiso”.

As novas taxas e ordenanzas serán aprobadas no próximo pleno ordinario.

A Deputación financiará melloras nas pistas e na rede de auga de Toques

O presidente da Deputación da Coruña, Diego Calvo, e o alcalde de Toques, Jorge Calvo, asinaron un convenio de colaboración que permitirá mellorar o estado de varias pistas do municipio e realizar obras na rede de abastecemento de auga. O organismo provincial aportará 135.145 euros para os traballos, o que supón o 90% do presuposto necesario. O orzamento do conxunto de obras ascende a 150.000 euros.

As actuacións inclúen o abastecemento de auga á Casave-lla, Acibadoiro e Gramela. Tamén contemplan a mellora do firme, a retirada de maleza e a instalación de sinais na pista de Paradela, Foxo do Ca- brito e no camiño de Castelo.

Os vándalos cébanse coas piscinas de Visantoña



A árbore foi cortada pola metade cunha machada

As piscinas de Santiso volveron ser vítimas, por segunda vez en menos dun ano, de actos vandálicos. Como en ocasións anteriores, os estragos concentráronse na area recreativa da zona, onde unha ou varias persoas descoñecidas cortaron unha árbore cunha macheta, inutilizaron o balancín do parque infantil e romperon un banco de pedra. Ademais tamén partiron o cristal dunha pala retroescavadora que estaba a realizar traballos en Beigondo. Os feitos

producíronse na noite do 2 ao 3 de marzo. O modus operandi foi moi semellante ao do anterior ataque, que se produciu pouco despois de conformarse o novo goberno de Santiso e que, ademais da tala de árbores, incluíu pintadas en varios edificios municipais. Isto leva ao executivo local a pensar que a nova agresión responde a motivacións políticas. Os feitos foron postos en coñecemento da Garda Civil, que se comprometeu a intensificar a vixilancia na zona.

Entroido por todo o alto na comarca



Non quedou lugar na comarca no que non se celebre un desfile ou festa de Entroido. Sobre estas liñas, as imaxes do concurso de disfraces de Toques amenizado pola compañía Duende Sico. Houbo casamentos, corridas de touros e ata partidas de bolos a cargo da familia Picapiedra.



As rúas de Visantoña, en Santiso, convertéronse nun auténtico campo de batalla entre as tropas romanas e o poboado de Astérix e Obélix. Sobrado tamén tivo a súa festa de Entroido con 850 euros en premios para as comparsas participantes e regalos para os concursantes individuais.

Adeus, Martes de Entroido, adeus meu queridiño...

As rúas da vila enchénse de cor e centos de persoas desfilan no día grande do Entroido local

Coma quen agarda a auga de maio, agardaba Melide o martes de Entroido. Lonxe quedaba a inauguración oficial do tempo da troula. Xa houbera ocasión para dar conta de filloas, orellas e bos pratos de cocido. Pero a vila enteira sabía que faltaba por chegar o día máis grande: o Martes de Entroido, o día que os melidenses fan festivo sen selo, o día no que pequenos e maiores saen á rúa para mudar por unhas horas a aparencia coa que conviven o resto do ano. Martes de Entroido chegou e non defraudou.

O tempo foi propicio e quixo participar da festa caldeando o ambiente dende primeira hora da mañá cos seus raios de sol. Aínda parecía en Melide outro día calquera, pero as tendas que apuraban as últimas vendas habían pechar pola tarde. Quedaban poucas horas para os retardados que aínda andaban na busca dos complementos para o desfile da tarde. Cousa ben distinta foi para os que levaban semanas e incluso meses preparando as carrozas e as coreografías das súas comparsas. Para eles a mañá era tempo de últimos detalles... e nervios.

O sol e a temperatura agradable seguiu acompañando cando, xa ás seis e media da



tarde, o Cantón de San Roque se converteu no centro neuráxico do Entroido melidao.

Rebumbio de cor

Aquilo era o Entroido, e o Entroido tamén ten a maxia de facer convivir nun espazo moi pequeno realidades imposibles. Había no cantón espantallos de lixo que mesmo parecían acabados de se erguer dun vertedoiro con tanto cachibache de ferro e plástico colgando dende a testa ata os pés. Á beira, como se fora unha pola caída esa tarde da alameda, andaba tamén unha rapaza que era toda ela unha pura folla. Por momentos o

tráfico comezou a complicarse e un xa non distinguía se o verdadeiro vehículo da policía era o que estaba aparcado xunta a rotonda ou aqueloutro que andaba coas luces acesas dando voltas detrás duns cacos que tiñan máis ganas de festa ca de escapar. O tricornio, as capas e os bigotes propios doutros tempos axudaron a despexar dúbidas.

Os Picapiedra non tiveron problemas de aparcamento co seu Troncomóvil de tracción mecánica. Algo máis difícil o tivo un barco pirata de dimensións descomunais que apareceu navegando polo asfalto para encaiar nun curruncho

do Cantón de San Roque, inconsciente o capitán de que o mar melidense é moi bravo para navegar. Chegou tamén unha lexión de romanos, ducias de exipcios e ratos a centos que clamaban vinganza contra o gato preso na gaiola.

Desfile multitudinario

Todo iso pasaba ao mesmo tempo en Melide e aínda andaban por alí fadas, paiaos, bruxas, choqueiros, ananos, vellos e vellas. E todos desfilaron cara ao Pazo de Exposicións e Congresos para facer por primeira vez do recinto a sede do Entroido local. Houbo algunha que outra queixa polo

tempo que tardou en empezar o concurso de disfraces, pero foi comezar o desfile de participantes polo escenario e volver a esencia da festa con toda a súa forza. Presentaba María Torres e tomaba nota para valorar un xurado composto por cinco mulleres.

2.000 euros en premios

Foi pouco o tempo para valorar o esforzo e a orixinalidade das 6 comparsas, 11 grupos e 9 persoas individuais que se presentaron ao concurso. Sempre ten que gañar alguén e neste caso os cartos e o recoñecemento repartíronse do seguinte xeito: o primeiro premio de comparsas, valorado en 700 euros, foi para "Perla Negra", da Asociación Cultural Charamela, de Melide. O segundo premio foi para a "Asterix e os romanos", a Asociación Medioambiental As Rigeiras, de Visantón. Levaron 550 euros. Na categoría de grupos, os agraciados cos 300 euros do primeiro premio foron a "Tribo africana". O segundo, dotado con 200 euros, recaeu en "Fantasía de Cleopatra e Xulio César". Os galardoados na categoría individual foron "Fada do bosque", que acadou o primeiro premio e 150 euros, e "Chuvia de cores".

Parecía todo rematado, pero a festa aínda tiña aguantando. A orquestra Cinema seguiu amenizando o interior do Pazo de Congresos mentres na Praza das Coles xa se preparaba todo para queimar o meco e entoar, entón si, aquel refrán que di: "adeus Martes de Entroido, adeus meu queridiño, ata domingo de Pascua non proba máis touciño!".



Platos combinados, pastas, caldo



HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE

Vilariño (Sanbreixo), Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35. Fax: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Tenda Tf-fax 981 505 723
Queixería tf 981 510 702
Balada – Visantoña
15809 Santiso
xebre@telefonica.net



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

O día no que o Entroido fala e a xente escoita

Se algo ten de característico o Entroido melidense, iso é que conxuga a modernidade ca tradición máis enraizada. E se modernidade implica cambio, experimento e innovación; tradición implica unha cita ineludible na Praza das Coles. Ese é o espazo mítico, case máximo, que cada Martes de Entroido congrega a centos de melidenses para asistir á queima do meco e escoitar as verbas acedas do pregón de Manolo Parrado.

O Entroido de 2012 non podía ter outra representación física máis que a de Iñaki Urdangarín, que axiña desapareceu entre as lapas. Pero xa antes de arder Urdangarín, houbo lume tamén nos versos das coplas e do pregón, que coma cada ano compuxeron un bo resumo da actualidade. Xa foi obxecto da primeira copla o cambio do Entroido para o Pazo de Congressos. As críticas foron directas contra o executivo local, e por aí se empezou a tirar do fío da política municipal, comezando polo cambio de goberno: “todo é azul, pouco queda de vermello. Nós vémolos todo negro. Dá igual quen mande, aquí

manda carallo”. A política de austeridade aplicada polo PP tamén saíu a relucir: “para poder aforrar lus, nas farolas chefellaron. Uns termaban da escaleira, outros termaban do pano”, aínda que tamén houbo recordos para o bipartito: “o ghoberno que tiñamos, tamén tapou a fonte. Ou pensaba na sequía, ou pensaba nos recortes. Así os de agora xa teñen adelantado, e aforran na calefacción máis no alumbrado”.

Un dos temas estrela foi, sen dúbida, a reforma laboral e as súas posibles consecuencias: “como lle dixeron ao outro cando foi pedir suba: la casa es mía, la puerta es tuya”. Non podía faltar a crise económica, que xa é un tema recorrente nos últimos anos: “para que vou facer clavillos, se non teño onde clavar? Para que vou limar os callos, se non teño que calzar?”.

Vinte minutos de rimas, de risas e de sátira onde non quedou por falar sobre a parálise da autovía por Melide, a morte de Fraga, da SGAE, da escisión do BNG e ata da voda da Duquesa de Alba. Tan grande a variedade de temas como o repertorio de Manolo Parrado.

MANOLO PARRADO, PREGOEIRO E ARTISTA DAS PALABRAS

Saber dicir e saber contar é toda unha arte. Sábeo ben Manolo Parrado, que leva máis de trinta anos xogando coas palabras, facendo rimas, pensando coplas e arrincando risas cada Martes de Entroido co seu tradicional pregón na Praza das Coles. Capta

o que pasa no mundo, o que se fala na rúa, o que di a xente, o que fan os políticos e o que deixan de facer. O resultado é un compendio de verdades contadas a golpe de rima, un anuario de ironía e retransa feito pregón por todo un artista das palabras.

-Cando comeza a tradición de ler o pregón o martes de Entroido?

-Vén de moi antigo. Consérvase incluso algunha letra de antes da Guerra, do ano 1935. Non se lía o pregón como agora, senón que se trataba de comparsas que saían a cantar polas rúas e bares. Logo iso quedou algo aparcado porque nos tempos de Franco estaba prohibido, aínda que aquí seguíuse facendo; non con comparsas, pero si doutros xeitos.

-E co fin da ditadura volveu coller forza...

-Si. Xa no ano 1977 o Centro Círculo e o Teleclub Priorada, que eran as asociacións que había daquela, empezaron a facer o boneco e a recitar algunhas coplas como o conxuro da queimada. En 1978 e 1979 xa corremos o boneco pola vila e queimámolo como se fixera durante moito tempo. En 1980 lin o primeiro pregón.

-Recorda de que falaba?

-No primeiro non falei moito. Inspíreme nun pregón que trouxen de Ourense. Merquei as “letrillas”, que se vendían en moitos sitios. Só tiña 12 coplas. A cousa colleu forza axiña e nalgũa ocasión cheguei a dicir 150 coplas. O pregón deste ano tiña 120. Agora procuro facelos máis curtos porque a xente di que se cansa.

-Pensou algunha vez en vender as súas letras?

-Nunca as quixen vender porque a xente escoita o pregón, queda coa idea e logo repítea á súa maneira e aínda aumenta máis do que dixen eu. Uns preguntánlle aos outros e cada un vai aumentando de acordo coas súas inquietudes. Iso tamén forma parte do pregón. Se vendese as letras, reproduciríase todo literalmente.

-Leva máis de trinta anos facendo pregóns. Recorda



Manolo Parrado na Praza das Coles

algún de xeito especial?

-Un dos que máis me gustou, que me quedou gravado, foi o que fixen cando veu o papa Juan Pablo II por primeira vez. Acórdome que había unha monxa nova, que foi a primeira que vin nun pregón, e botou unhas boas risas cando dixen esta estrofa: “Que marchou moi cansadiño, foi unha realidá, se agarda máis xa o pillá a incompatibilidá”. Aquel ano, ao pouco de marchar el, foi cando se aprobou a lei de incompatibilidades.

-Algunha vez as súas coplas sentaron mal aos políticos locais ou crearon polémica?

-Non, porque nunca dixen mentiras. Todo o que conto é certo e sempre contraste os temas dos que falo. Pregunto aquí a acolá para asegurarme. As cousas non se poden dicir de cheo, hai que saber dicilas.

-Como é o proceso de elaboración do pregón?

-Faise a última hora, normalmente na semana anterior ao Entroido. Baséome no que me contan e no que din os xornais

e as revistas. Os temas que hai que tocar son, esencialmente, os do goberno central, da Xunta e do concello. Algo diso sempre ten que saír. Logo hai que procurar meter anécdotas dalgunha xente coñecida.

-Foi perfeccionando a técnica cos anos?

-Antes escribíao á man, nun pergamiño que ía desenvolvendo. Agora fágoo en folios e é unha vantaxe porque se nun momento dado se me acorda outra copla que lle vai ben, pódoo intercalar. Cando veñen as ideas á cabeza, hai que apuntalas no momento porque senón despois non sae a maneira de dicilo.

-Ademais de pregóns, deixa feitos moitos entroidos para queimar.

-Non eran tan artísticos coma os de agora. Facía unha cara de cartón e o que o diferenciaba era o sombreiro que lle poñía. Foi de cociñeiro, de Rumasa, de hippie, de toureiro, de bispo, e ata de Tejero! E daquela os gardas aínda mandaban! Sempre viñan de paisano escoitar o que dicía.



CasaQuinzan
RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**



CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificación s sen licenza, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B

Teléfonos 982-380411 e 982-380149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net



OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo

Teléfono 981-505781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Centro da vila



Praza do Convento



DISCOTECA
Kull

PONTE CARREIRA

MATINÉE GROUP

PRESENTAN

04.ABR
GRAN FIESTA

MATINÉE
AMAZING
TOUR

TAITO TIKARO
GUEST DJ FROM WWW.MATINEEGROUP.COM

+ warm up: GERMAN (@german_djj)
+ residents: djROGER & djZALO

Pub Aloha Melide

APRO LIMITADO II
10€

WWW.VYVEVENTOS.COM - MAYGYM FITNESS - DESIGN BY @CRISTOEBALRGUEZ (TWITTER)

Melide, canteira de bos oradores

Foi un bo debut. O IES de Melide superou con solvencia a súa primeira participación en Parlamento Xove e o obtivo o sexto posto na fase de clasificación deste concurso de debate promovido pola Dirección Xeral de Xuventude entre o alumnado dos cursos de 1º e 2º de bacharelato.

Elisa Ares, Iria Adán, Antonio Cagide e Diego Mourilo, dirixidos pola profesora Dolores Vázquez, ganaron dous dos tres debates que realizaron e obtiveron unha puntuación global de 67'25 puntos. Non foi dabondo para acceder á fase final, reservada só para os catro primeiros clasificados, pero si máis ca suficiente para deixar ben alto o pavillón melidense. Os concelleiros de Educación e Mocidade, Santos López e Dalia García, felicitaron ao equipo pola súa actuación e cualificaron de “espléndido” o resultado.

A piques de pasar á final

O éxito puido ser aínda maior do acadado xa que o equipo do



Foto: César Martínez

IES de Melide empatou en número de debates ganados con outros dous institutos e a piques estivo de facerse coa última das prazas que daba acceso á final. A puntuación obtida en cada unha das contendas foi a que desfixo a igualdade e finalmente o instituto A Pinguela, de Monforte, obtivo o pase ao sumar 88,25 puntos. Seguíuno o IES Virxe do Mar, de Noia. Xunto co

centro monfortino, estarán na final do 17 de marzo en Santiago o IES Laxeiro de Lalín, o IES La Salle de Santiago e o IES de Fene.

Un total de 30 equipos competiron ao longo do mes de febreiro no hemicycle da Deputación. Nesta edición o tema de debate foi “A xuventude no contexto mundial: cara a un modelo máis participativo ou máis individualista”.

Os viños de autor buscan o seu oco na oferta melidense

Distribuciones Casa Alongos acolleu a primeira fin de semana de marzo a presentación de Luz de Estrellas 2010, un viño de autor promovido por Manuel Céspedes e elaborado en Salvaterra de Miño (Pontevedra) con variedades de Treixadura e Macabeo. Trátase dun viño producido con criterios biodinámicos baseados na astroloxía e seguindo prácticas

respectuosas co medio e a biodiversidade. Definido como “minimalista e natural”, é un viño “de intensa cor dourada e reflexos verdosos que outorga aromas a pel de mazá, compota e pexego, con marcado carácter. En boca mantén harmonía, con carnosidade, equilibrio e frescura nun percorrido homoxéneo deixando un final elegante”.



Casa Alongos está especializada na distribución de viños ecolóxicos

O IES de Melide promove novos modelos de ensino

Algo tan sinxelo e aparentemente obvio como é atender a diversidade e as peculiaridades que poden aparecer na aula dun colexio ou dun instituto, segue a ser unha materia pendente no sistema educativo actual. Co obxectivo de concienciar sobre a necesidade dun modelo que se adapte ás diferenzas e coa intención de buscar medidas para lograr tal propósito, o Instituto de Melide puxo en marcha a “I xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade”.

Durante 3 días, o 28 de febreiro e o 1 e 2 de marzo, o centro melidense converteuse nun foro de debate e intercambio de experiencias no que participaron expertos, familias e docentes de Melide mais dos concellos veciños. A través de diferentes mesas redondas, abordáronse problemáticas e necesidades educativas específicas como a dislexia, o déficit de atención, a hiperactividade, o negativismo ou os trastornos de comportamento. Tamén se fixo fincapé nos mitos e reali-

dades das altas capacidades intelectuais e nas implicacións da interculturalidade nas aulas.

Segundo Xosé Tomás, impulsor da iniciativa e xefe de estudos de adultos do IES de Melide, a experiencia serviu “para decatarnos de que hai moitas peculiaridades dos nenos que se nos escapan por descoñecemento e que se non se atenden inflúen na súa marcha académica” e engade que “moitos docentes fixéronse conscientes de que na aula todos os nenos son diferentes e iso esixe un cambio na forma de traballar”.

É por iso que dende o instituto melidense se defende un novo modelo educativo no que sexa o sistema o que se adapte ao alumnado e non o alumnado ao sistema. “Hai que tender a un modelo de ensino máis creativo, menos sistemático e lineal, máis aberto e que dea a posibilidade de afondar”, sostén Tomás. O ano que vén celebrárase unha nova xornada co obxectivo de crear unha rede de colaboración.

“Río Furelos” presenta unha queixa pola actitude negligente doutras asociacións

Denuncia que colocan sinais con grampas nas árbores e non as retiran

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” presentou unha queixa formal no Servizo de Conservación da Natureza, dependente da Consellería do Medio Rural, na que denuncia certas prácticas que levan a cabo algunhas asociacións da zona e que resultan prexudiciais para o medio ambiente.

En concreto, “Río Furelos” puxo en coñecemento das autoridades que as sinalizacións usadas para delimitar os tramos dos campionatos de pesca son espetadas nas árbores con grampas ou puntas de gran tamaño e que, ademais, non son retiradas ao remate das actividades. Tamén solicitou que se lle comunique a esas asociacións (Pontemazaira-Furelos, de Melide, e A Xuntanza, de



Os carteis son espetados nas árbores con grampas

Toques) que no futuro “procedan co respecto e coidado que deben ter polo entorno”.

Sorteo de coutos

O próximo 15 de marzo, á unha da tarde, terá lugar na Cervexería Orois de Melide o sorteo de coutos da Asociación de Troiteiros “Río Furelos” para a tempada de pesca da troita, que se desenvolverá entre o 18 de marzo e o 31 de xullo. Os participantes pode-

rán escoller dous días, sempre e cando non sexan dous festivos ou dous días de fin de semana. En total sortearanse 1000 coutos. Os que queden sen escoller poñeranse á venda na Churrería O Burato a un prezo de 2 euros para os asociados e 3 para o resto.

Por outra banda, a asociación comunica que xa está aberto o prazo para inscribirse no campionato de pesca da Terra de Melide.

Escuela Ayude conquista 12 medallas no campionato nacional de Kick Boxing

A fin de semana do 10 e 11 de marzo celebrouse o Campionato de España de Kick Boxing en categoría infantil e absoluta e nas modalidades de formas e semi contact. A cita tivo lugar en Villaviciosa de Odón (Madrid), a onde acudiron os mellores loitadores de España para tentar facerse cuns metais que este ano se venderon moi caros. Galicia acudiu á cita con 20 competidores e logrou un total de 19 medallas, 12 das cales foron aportadas polos alumnos da Escuela Ayude, o centro máis destacado do equipo autonómico.

A Escuela Ayude asinou unha actuación inmillorable ao facerse con 4 ouros, 3 pratas e 5 bronce. Destacou o debut das novas promesas do centro melidense, como é o caso de Lucas López Andrés, que conseguiu un bronce en formas con tan só sete anos, e Nahum Ayude que colleitou unha prata na súa estrea, ao igual ca Miguel Villamor. Sabela Cabado e Patricia Vázquez conseguiron cadanseu bronce. Tamén José Conde en categoría absoluta.



O equipo da Escuela Ayude posa cos metais conquistados

As medallas de ouro foron moi pelexadas; Patricia López derrotou na final a unha rival catalá que partía como favorita. Na categoría cadete, Cora Ayude venceu á representante de Castela e León nun combate intenso que empezou perdendo pero ao que lle deu a volta nun alarde de estratexia táctica. Sen dúbida, a estrela do campionato foi Arón Ayude, que conseguiu un ouro en formas e outro en Semi Contact, converténdose no único participante do campio-

nato en facer “doblete”.

A fin de semana foi moi intensa para a Escuela Ayude, que tamén participou no Campionato de España de Loitas Olímpica celebrado en Granada, onde Bruno Agra se fixo cunha medalla de bronce. Ademais, a escola tamén participou na Liga Galega Infantil de Esgrima, á que acudiu con dous tiradores. Marcos Villamor rematou quinto e Rubén Simón oitavo, uns resultados que evidencian o seu progreso técnico.

Ferreiro ponlle as cousas difíciles a Carlos Sainz



Ferreiro reconece que competir contra Sainz é un gran aliciente

Jesús Ferreiro e Javier Anido volveron do Rally de España de Históricos, celebrado a fin de semana do 10 e 11 de marzo, cun sabor amargo e doce ao mesmo tempo. Os melidenses non puideron proclamarse ganadores da proba, puntuable para o campionato de Europa, pero pilotaron a un alto nivel e puxeron contra as cordas aos vencedores da cita, nada máis e nada menos ca Carlos Sainz e Luis Moya, bicampións do mundo de rallys reunidos de novo para o

seu debut na modalidade de Históricos. Tras dúas xornadas de competición, Ferreiro rematou no segundo posto da clasificación a tan só 46,7 segundos de Sainz.

Bo comezo de tempada

Ferreiro finalizou tamén segundo na primeira proba do Campionato de España, o Rally Rutas Cántabras. Gañou todos os tramos da primeira xornada pero perdeu o liderado nunha saída da estrada o segundo día de competición.

A comarca baila ao mesmo son nas xornadas do deporte



Os asistentes comezaron a sesión probando sorte coa batuka

Non era a primeira vez que os concellos de Toques, Santiso e Melide compartían actividades e abofé que iso se notou na coordinación dos pasos. Dúas de persoas asistiron na véspera do Entroido ao pavillón melidense da Martagona para participar nas Segundas Xornadas Multideportivas, dedicadas neste caso ao baile. Maiores e pequenos dos tres

concellos compartiron unha tarde de batuka, bailes modernos e de salón, reggae e ata ioga na compañía de varios técnicos municipais.

As primeiras xornadas multideportivas celebráronse en Toques no mes de decembro. As terceiras serán a finais do mes de maio en Santiso e terán como actividade estrela a práctica do sendeirismo.

A parroquia de Ribadulla, raíña do fútbolín en Santiso



Os representantes de Novela e Ribadulla disputaron a final

Tras varias xornadas de competición a parroquia de Ribadulla proclamouse vencedora do 1º Campionato Interparroquial de Fútbolín celebrado en Santiso. A parella gañadora, formada por Manuel e Antón, dobregou aos representantes de Novela, Rubén e Bruno, nunha final apaixonante que só se decidiu na última partida. Os postos de honra de

semifinalistas corresponderon ás parroquias de Pezobrés e Rairiz. A asociación organizadora do evento, Aires da Besaña, fixo entrega de medallas a todos os participantes e de dúas placas aos ganadores. Tamén tivo unha mención de especial agradecemento para Alberto Buján, de A Boa Viña, sen cuxa colaboración sería imposible organizar o torneo.

Toques fixa para o 24 de marzo a nova edición da Gala de Karate

A Gala de Exhibición de Karate organizada polo Concello de Toques estase a consolidar entre os eventos deportivos de referencia na comarca. Tras o éxito da primeira convocatoria, o próximo 24 de marzo celebrárase no pavillón polideportivo municipal a segunda edición.

Na Gala de Exhibición de Karate participarán as escolas deportivas municipais dos concellos de Toques, Sobrado e Monterroso, ademais das academias Ashoga Coruña e Arzúa Karate Club. Entre as actuacións programadas para a xornada figura unha exhibición de catas, realizada por todos os participantes, e unha exhibición de combates con protección por equipos. A apertura de portas será ás 17:30 horas.

Benestar amplía a oferta para menores de 60 na nova programación de actividades

A Concellería de Benestar Social acaba de presentar unha nova remesa de actividades deportivas e culturais para maiores que se desenvolverá entres os meses de marzo e maio nos diferentes locais públicos de Melide. A nova programación abre o abano aos menores de 60 anos, algo que, segundo sinala a concelleira María Jesús López Mourón, “non fixemos no primeiro semestre, cando nos decatamos de que había un grupo de idade moi amplo entre as Escolas Deportivas e a terceira que estaba sen cobertura e á que había que incluír na programación”.

Entre esas actividades para os maiores máis novos figuran a informática de iniciación, o obradoiro de teatro ou o curso de cociña, “que está tendo moito éxito entre homes”. Ademais, na nova programación tamén se inclúen as ma-



Imaxe de arquivo dunha sesión de ximnasia de mantemento

nualidades, o canto tradicional con acompañamento musical, masaxe e acupuntura, saúde postural ou circuitos termais e balneario, neste último caso

só para maiores de 60 anos. Como novidade, xa dende comezos de febreiro se está a organizar todos os mércores ás 16:30 no pavillón da Marta-

gonas unhas xornadas de deporte gratuito para maiores ás que pode asistir calquera persoa que o desexe sen necesidade de inscrición previa.

O prazo para anotarse nos diferentes cursos xa está pechado. O prezo é de 3 euros por actividade ou de 5 euros por participar en máis dunha. Independentemente da nova programación, hai algunhas actividades que comezaron en outubro e seguirán manténdose ata finais de maio, como é o caso de bailes de salón, o obradoiro de memoria ou a ximnasia de mantemento.

Máis de 300 persoas están a participar no conxunto de actividades este ano. López Mourón sinala que a demanda “é moi alta” e que “o día que se abre o prazo de inscrición, hai overbooking no Centro Social para anotarse, por iso temos que seguir esforzándonos e non parar de programar”.

Á espera para ofrecer por segundo ano Bule con Alcer

O concello de Melide colaborará un ano máis coa Asociación para la Lucha Contra las Enfermedades del Riñón (ALCER) na posta en marcha do programa de actividades físicas “Bule con Alcer”, destinado ás persoas con enfermidades crónicas como a osteoporose, a fibromialxia ou o lupus, entre outras. A intención do executivo local é poñelo en marcha ao longo do mes de marzo, unha vez que se solucionen os problemas de orzamento. “O ano pasado a Deputación subvencionou o 100% pero este ano o concello ten que aportar unha porcentaxe de cartos. É algo co que non contabamos e estamos valorando como facemos”, sinala María Jesús López Mourón, concelleira de Benestar. No curso 2011 quedaron en lista de espera 40 persoas.

**HOSPEDAJE - BAR
RESTAURANTE**

**Novo
Continente**

Pedro Coego Galego

Teléfonos: **981 50 61 82**
699 61 37 59

C/ Luis Seoane, 8
15800 MELIDE (A Coruña)

Novo Continente saborea o xamón mellor cortado



Pedro Coego e o cortador de xamón Julián Torres

O bo sabor dun xamón non vai só na súa calidade, senón tamén no xeito de cortalo. Diso é moi consciente a hostalería melidense, que cada vez valora e aposta máis pola excelencia no corte do xamón.

O último en facelo foi o restaurante Novo Continente, que acolleu o pasado 16 de febreiro unha demostración promocionada pola empresa Galitec, da Coruña, e a súa delegada en Melide, Laura

López. A exhibición correu a cargo de Julián Torres, un profesional que xa visitou Melide en máis ocasións. Non en van quedou de segundo clasificado no concurso de cortadores de xamón celebrado na vila o pasado verán.

Novo Continente procura estar sempre na vangarda da gastronomía. O restaurante foi o ganador do último concurso de tapas a base de setas e castañas organizado por Asetem.

A colección dos Padres Pasionistas xa está dispoñible para o público

Xa poden consultarse os máis de 200 títulos da colección de libros que os Padres Pasionistas doaron á Biblioteca Municipal de Melide. Os volumes, que están aser catalogados polo persoal técnico do concello, tamén están dispoñibles para seren prestados. A importancia desta colección non só radica no elevado número de exemplares, senón tamén na antigüidade dos seus títulos, algún dos cales foi publicado no ano 1900.

A Biblioteca Xosé Vázquez Pintor está a experimentar un proceso de ampliación e contará en breve con dúas salas novas. Unha delas estará dedicada enteiramente ao legado dos Padres Pasionistas “co fin de que os fondos dispoñan dun depósito privilexiado polo seu valor cultural e histórico”, segundo indica o concello. Os traballos de catalogado rematarán a finais de 2012 e en 2013 toda a colección estará a disposición dos lectores e investigadores.

Pub Q+ e A Boa viña renóvanse cada fin de semana coa súas festas temáticas

A canle V Tv visita os locais de Alberto Buján

Pub Qmáis e a Boa Viña deron coa clave do éxito. Cada fin de semana os dous locais atéganse de xente atraída pola variedade das festas que promove o seu propietario; Alberto Buján. O mes de febreiro

non foi unha excepción e cada fin de semana os incondicionais deste dous establecementos melidenses víronse sorprendidos pola orixinalidade das súas propostas.

Unha das que tivo máis éxito foi a festa da filloa á pedra, non só polo bo sabor do produto senón tamén pola posta en escena da “avoa” que as facía, moi propia da véspera do Entroido.

O bo ambiente das fins de semana melidenses foi tamén un reclamo para V Televisión, que se desprazou ata a vila e gravou unha reportaxe para o programa “Tu Night”, un dos máis seguidos desta canle. Raquel Atanes e o seu micrófono indiscreto estiveron boa parte da noite no Pub Qmáis e en A Boa Viña entrevistando a clientes que deixaron quedar ben alto o pavillón melidense.

Debuxos que arrecenden e premios que saben a biscoito



Rebeca Ponte acompañada polos nenos que participaron no concurso

Madame Chocó fixo entrega o 18 de febreiro dos premios do primeiro concurso de debuxo infantil, uns galardóns moi doces que consistiron en tres cestas valoradas en 40, 30 e 20 euros con produtos feitos no propio obradoiro do establecemento: galletas con forma de corazón, de flores de chocolate, minibiscoitos e unha variedade de divertidas

cupcakes. Non só os ganadores lle deron gusto ao padal, xa que todos os participantes recibiron unha bolsa de galletas de chocolate co seu correspondente diploma. O primeiro concurso de debuxo infantil organizado por Madame Chocó contou cunha alta participación e sentou as bases para organizar en breve novas actividades para os cativos.

A X E N D A	PUB GATOS	SALA 600
	16 de marzo á 1:00 LAS COLILLAS AQUÍ	16 de marzo ás 22:30 MELIDEATH FEST VOL IV
	17 de marzo á 1:00 RUÍDO XERMINAL SORPRESA TOTAL	24 de marzo ás 00:00 GALICIAN BIZARRE
	23 de marzo á 1:00 COMANDO ROBALISA	31 de marzo ás 00:00 BASTERDS ON PARADE + FALPERRYS
	30 de marzo á 1:00 TIRO NA TESTA	5 de abril ás 00:00 ALPARGATA

GRAN ÉXITO DAS FESTAS DA BOA VIÑA e Pub QUEMAIS



festa da filloa



V tv en directo



festa da filloa



V tv en directo

Primeiro a vida, despois a débeda

Santiago Prado Conde (Chago), Antropólogo

Como todos os días, levanteime, preparei á miña filla de catro anos e ao meu fillo de sete anos para ir ao colexio. Agora que xa non hai transporte público temos que erguernos corenta minutos antes para percorrer os dous quilómetros que hai da casa ao colexio. Pero este foi un día diferente. Tiven que tomar a decisión máis difícil da miña vida. Mandeí á nena e ao neno con cada seu papel para entregar ás profesoras. O documento era inequívoco: “Entrego aos meus fillos para ser tutelados polo Estado co fin de que os alimenten e non morran de fame”.

Este pequeno relato non xurde da ficción, senón que é a realidade que está a ocorrer moi preto de nós, en Grecia. De feito, contáronme nunha reunión internacional no marco dun proxecto europeo do que formo parte. O contexto é tan difícil, tan decepcionante, que xa se perdeu o último que din que se perde, a esperanza. Familias que ata hai pouco tempo eran consideradas de clase media, con empregos máis ou menos estables e para “toda a vida”, vense agora nunha situación de extrema pobreza que nunca pensaron que puidera suceder. A violencia que están a exercer directamente os estados nas persoas, a través das obrigas que impoñen os mercados, é de tal calibre que a desesperanza xa non nutre unicamente a falta de posibilidades e alternativas, senón que é quen de abandonar ás persoas a unha sorte que descoñecen. En cambio, dende os medios de comunicación os presentados como violentos son as persoas que están a sufrir.

Non se rachou coa posibilidade de atopar un emprego, nin incluso coa esperanza de formarte o mellor posible para ter maiores oportunidades ou aspirar a unha mellor vida. Rachouse co proxecto de vida das persoas. Persoas que traballaban, pagaban os seus impostos, vivían en parella e dotaban de novos membros á sociedade, é dicir, que se situaban no ideal social. Agora atópanse con que non poden facerlle fronte á hipoteca contraída e o banco quédase coa vivenda e máis séguese coa dé-



beda. Polo tanto, nun futuro de empregos, non será poñerse a traballar para poder acceder novamente a unha vivenda, senón que primeiro haberá que enriquecer aos bancos. Ademais, a vella ilusión de enviar aos fillos á institución educativa para que se preparen o mellor posible co fin de ter un maior número de oportunidades xa parece carecer de sentido. Todo esmorece porque se xerou unha débeda cuns entes abstractos aos que se chama mercados, que cando o desexan soben os intereses a un prezo que é imposible e leva ao déficit e á quebra.

Ante esta situación sexa quizais o momento de plantarlle cara aos mercados e recuperar as palabras que popularizou o actual presidente de Ecuador: Primeiro a vida, despois a débeda. De feito, os países do chamado terceiro mundo teñen un subdesenvolvemento crónico porque inverten máis cartos en devolver os intereses da débeda que no seu propio desenvolvemento, polo que hai quen considera que se debe retomar a vella teoría xurídica da “débeda odiosa”. Esta teoría di que a débeda externa dun estado contraída contra os inte-

reses dos cidadáns non debe ser pagada por considerarse ilexítima, ademais de que aqueles que prestaron os cartos sabían conscientemente que os seus cartos non eran utilizados para a mellora do país, nin das persoas, unicamente para o seu enriquecemento ilexítimo. No caso grego parece que todo indica a que se podería esgrimir esta teoría nalgúns períodos da súa historia recente e no noso contexto sexa quizais o momento de avalialo en moitas comunidades autónomas e na propia administración central.

A maior parte das medidas que se toman están encamiñadas a reducir o déficit público porque se cree que é o punto de partida para volver medrar economicamente. En cambio, os sacrificios que se lle piden ás persoas non se solicitan coa mesma forza aos investidores: que sexan flexibles e pacientes e se enriquezan algo menos, co fin de que os efectos da crise se repartan. Polo tanto, os recursos poderían destinarse, ademais de a pagar a débeda, a reactivar a economía que incide nas persoas positivamente co fin de que non ocorran situacións tan dramáticas como as relatadas ao inicio deste artigo.

Quen era Don Manuel?

Xosé Núñez López

Nisto de dicir quen era Don Manuel ou calquera outra persoa, sempre que se trate de alguén que estivo ou está na política, é moi difícil poñerse de acordo para que a contestación sexa crible e asumida por todos, xa que pensamos segundo a cor dos cristais das gafas que levemos postas.

Neste caso quero referirme a Don Manuel Fraga Iribarne, cuxo pasamento tivo lugar o día 15 do pasado mes de xaneiro. Para non ter que pensar moito, voume dedicar a copiar o que dixeron sobre el persoas moito máis entendidas ca min no tema. Tal é o exemplo de Don Xosé Lois Igrexas e o artigo que publicou nun xornal galego o 4 de febreiro.

Foi o primeiro que, en lingua castelá, fixo a pregunta de “¿Quién era?”. El mesmo contestou dunha forma tan concisa e ao mesmo tempo tan completa, que será moi difícil superala. Este señor dínos que Don Manuel era “galego, español, patriota, crente, católico, familiar, humano, austero, autoritario, puntual, apaixonado, leal, intelixente, lúcido, pescador, cazador, vital, catedrático, intelectual, escritor, culto, político, honrado, honesto, serio, conservador, demócrata, anglófilo, estadista, embaixador, ministro, presidente, líder, carismático, traballador, despótico, enérxico, incansable, controvertido, frustrado, parodiado, único, irrepetible, e xa histórico”. Remata o seu escrito o señor Iglesias resumindo que “Fraga foi todo iso para todos aínda que a algúns lles pese”.

Cando alguén puxo en dúbida o comportamento de

Fraga como galego, servidor de vostedes publicou na prensa con data 31 de maio de 2005 un artigo na sección de cartas ao director titulado “A galeguidade de Fraga”. Decía ao respecto que, cando polo ano 1950 se ía inaugurar a Casa de Galicia en Valencia, e como nesa cidade mediterránea había moitos galegos, unha comisión liderada polo tamén galego Alfredo Escobar quixo organizar un grande evento no Teatro Principal. Comezaron a barallar nomes para levar alí a un “galego de nación e español de corazón” que dera satisfacción aos morriñosos alí residentes e tamén aos propios valencianos.

Despois de citar varios nomes, finalmente foi elixido un mozo que xa destacaba por ser diplomático, catedrático e algunhas cousas máis. Aprobaba sempre co número un calquera oposición á que se presentaba e chamábase Manuel Fraga Iribarne. Dise que o acto resultou inenarrable, estando presentes todas as forzas vivas da cidade con galegos en postos de relevancia: o Delegado de Facenda, o Señor Lozano, de Pontevedra; o Delegado de Traballo, o Señor Ojea, de Pontearreas e o Gobernador Militar, o Señor San Juan, de Vigo.

O discurso de Fraga para os galegos da diáspora, díxose entón, foi o “non plus ultra”. Daquela Don Manuel xa era un galeguista enxebre, amante de Galicia, cun caudal de coñecementos tan amplo que abraiaba. O final do acto foi apoteósico e todos os asistentes cantaron o Himno Galego postos en pé.



FÁTIMA RODRÍGUEZ LEIVA, BAMBI MODA INFANTIL

“As marcas coas que traballamos son a nosa mellor publicidade”

Recoñécese fanática dos nenos e declara que traballar nun comercio de roupa infantil lle fai encarar a vida con máis ilusión. Cando decidiu deixar o bar que rexentaba xunto con seus pais e cambiar completamente o rumbo do negocio, Fátima atopou a forma do seu zapato. Agora, sete anos des-

pois de abrir a nova tenda, ve na competencia das grades superficies unha ameaza moito maior cá baixa natalidade da comarca. Firme defensora das potencialidades do comercio melidense, cre coñecer a receita para superar a crise: “teremos que arrimar todos o ombro para ver se saímos dela.”

-Tendo un comercio de roupa infantil, supoño que se declara fanática dos nenos.

-Si, totalmente. A verdade é que son moi neneira. Sempre que saio á rúa levo unha recua detrás de min (Ri).

-Iso axuda no día a día da tenda ?

-Creo que si. Non se trata de algo imprescindible pero, sen dúbida, é un punto a favor. O comercio de moda infantil é moi agradecido no sentido de que traballas con roupa que gusta ver, que gusta combinar, que fai escaparates moi alegres... todo iso, xunto co feito de que che gusten os nenos, é o que fai seguir adiante no negocio con ilusión.

-Tanto lle gustan os nenos que non quere saber nada da moda xuvenil?

-En Melide non hai moita clientela adolescente. Os rapaces a partir de dez anos xa escapan para outro tipo de modas e de establecementos. Cando abrimos, no ano 2005, traballabamos tallas ata os 16 anos. Logo fómonos adaptando ao mercado e no 2010 decidimos vender só roupa ata catro anos. De todos os xeitos, aínda temos un stock importante de tallas grandes para 12, 14 e 16 anos. É unha boa oportunidade para mercaleas porque as estamos liquidando a prezos moi accesibles.

-A día de hoxe, que tipo de produtos ofrece Bambi?

-Por unha banda, artigos de puericultura moi variados: carriños, berces, miniberces, biberóns, sacos para coches, cambiadores, bonecos... todo o que sexa para o bebé. Logo, por outra parte, temos a roupa para neno e para nena. Ade-



Fátima Rodríguez Leiva

mais tamén traballamos moito os traxes de bautizo e os complementos para este tipo de cerimonia, como poden ser as arras ou as mantiñas.

-Traballades algunhas marcas en exclusiva?

-Traballamos moi ben a marca Tuc-tuc, tanto a nivel textil como de complementos para bebé. Ademais temos Bóboli e Amaya, que son máis de vestir. En coches, Jané. Tamén vendemos por catálogo. Estas marcas, coas que traballamos dende sempre, son a nosa mellor publicidade. Poñemos a man no lume por elas. Ás veces a xente pensa que un artigo por ser de marca é moito máis caro, pero non é certo. Nós temos prezos económicos.

-Transformou o bar que

tiña nunha tenda de moda infantil. Non foi un cambio un pouco radical?

-Son negocios completamente diferentes. Meus pais, por motivos de saúde, decidiron cambiar de rumbo, deixar o bar e ter un negocio cunhas horas de peche máis axeitadas. Sempre traballabamos cando os demais estaban de festa e o peor eran as noites e as fins de semana. Comezaron a ser problemáticas e buscamos algo máis tranquilo.

-Pensaron que era arriscado apostar pola roupa para nenos nunha zona de baixa natalidade?

-Cando nós abrimos non había tantas tendas como hai hoxe en día en Melide dedicadas a este mesmo sector. Ademais, daquela houbo un boom de

nacementos e aínda na actualidade seguen nacemento bastantes rapaces. A natalidade non é un problema para o negocio. Aféctanos máis a competencia dos grandes centros comerciais.

-Houbo tamén un boom da moda infantil ?

-Si. Ao mellor nun pobo coma este non se nota tanto, porque se viste máis sport, pero si que é certo, sobre todo nas nenas, que hai unha tendencia a combinar absolutamente todo: zapatos, vestido e abrigo. Xa se fixo máis do que se fai. Agora aprovéitase a roupa de irmáns, familiares e coñecidos.

- É un dos efectos colaterais da crise ?

-A crise nótase moito, sobre todo neste ano que acaba de

“Estamos a liquidar o stock de tallas para 12, 14 e 16 anos a uns prezos moi accesibles”

“Animo á xente a que siga mercando na vila porque é a maneira de que vaia para arriba”

empezar. Teremos que arrimar todos o ombro para ver se podemos saír dela. Eu animo á xente a que merque na vila porque é a maneira de que vaia para arriba. O comercio local sempre é unha aposta segura; hai tantas rebaixas e ofertas como nas cidades e a relación entre o cliente e o vendedor é máis directa.

-En que necesita mellorar o comercio de Melide ?

-Eu penso que, dentro das nosas posibilidades e tendo en conta as vantaxes que ofrecen as grandes superficies, o comercio de Melide está moi ben montado. Non creo que haxa que facer cambios. Hai unha gran variedade de tendas e ao cliente ofréceselle todo o que necesita sen ter que saír da comarca. Iso é o fundamental.

Inauguración PUB CONTAINER

MELIDE



A última novidade en Melide chámase PUB CONTAINER. Cun estilo desenfadado, moderno e orixinal, este novo local abre as súas portas coa intención de aportar un toque diferente ás noites da movida melidense. CONTAINER é o pub de Félix, Sonia e Víctor Manuel Tarrío García, tres ir-

máns que decidiron facer xuntos a súa primeira incursión no mundo do ocio animados polo ambiente acolledor da movida melidense e o carácter sociable da súa xente. PUB CONTAINER, un referente na noite dos sábados, abrirá tamén a partir de Semana Santa todos os venres.